

## ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2024/15	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

7 de novembro de 2024

**Duración:**

Desde as 20:39 ata as 23:15

**Lugar:**

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

**Presidida por:**

Gonzalo Louzao Dono

**Secretaria acctal.:**

María Josefa Martínez Barros

### ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	NON
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ





	MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS (Secretaria acctal)	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRA	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	RICARDO CASTRO CAMBA	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE OUTUBRO DE 2024

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 3 de outubro de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### Expediente 7289/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA MOCIÓN ELABORADA CONXUNTAMENTE POR TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN O 25 DE NOVEMBRO DE 2024 DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

#### Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a moción elaborada conxuntamente polos grupos políticos municipais, en relación coa celebrada o vindeiro 25 de novembro de 2024 do “Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller”, a cal se transcribe literalmente de seguido:

*“Os grupos municipais que forman parte do Pleno do concello de A Estrada Partido Popular, Partido Socialista, Bloque nacionalista Galego, e Mixto (Móvete), conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción conxunta*





## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*Os grupos municipais que forman parte do Pleno do Concello de A Estrada queremos comenzar esta moción reiterando, en primeiro lugar e un ano máis, a súa firme condena de calquera expresión de violencia contra as mulleres, en todas e cada unha das súas manifestacións.*

*De igual modo manifestamos a nosa solidariedade coas mulleres vítimas da violencia machista, transmitindo todo o nos apoio a elas, aos seus fillos e fillas e familiares*

*O recoñecemento de que a violencia contra as mulleres é un obstáculo para a igualdade, para o desenvolvemento e a paz do pobos, violencia que impide que as mulleres gocen dos seus dereitos humanos e liberdades fundamentais, é este un tema que xa foi posto en diversos foros e organismos internacionais, europeos e nacionais dende fai xa moitos anos, e, nestes mesmo foros, é onde se chega a acordos unánimes para proceder á erradicación e eliminación da violencia exercida contra as mulleres, sendo un tema a tratar coa máxima prioridade nas axendas dos estados como garantes da protección dos dereitos das mulleres.*

*No noso ámbito estatal e autonómico se foi avanzando, sobre todo lexislativamente, para acadar esa finalidade de erradicación da violencia de xénero; así, a nivel estatal, as distintas forzas políticas foron capaces de aprobar un Pacto de Estado, que supón un antes e despois na loita contra a violencia de xénero, recollendo nun texto normativo medidas concretas e, sobre todo, financiamento para adoptar dende os ámbitos autonómicos e municipais medidas preventivas (de formación, información, programas, etc.) que fomenten a concienciación na poboación, sobre todo dos mais novos, de loitar dende a información e a prevención contra esta lacra social.*

*Tamén no ámbito autonómico se aprobaron leis que intentar protexer ás mulleres vítimas de violencia e ao seu entorno familiar directo ,como recolle a Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, trala modificación feita en setembro de 2021.*

*Pero, a pesar destes avances lexislativos e tamén en sistemas de protección á vítima, non podemos esquecer que, no que vai deste ano 2024, 38 mulleres foron asasinadas, unha cifra inaceptable ca que temos que convivir ano tras ano, xa que o único número aceptable no eido da violencia de xénero é cero.*

*Acabar coa violencia de xénero, contra a violencia contra as mulleres é un asunto de todos e todas, por iso debemos unirnos e actuar, é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación, sempre dende o respecto aos réximes de distribución competencial en todas as accións que se desenvolvan, posto que o traballo a realizar para cerradicar esta lacra implica multitudes de axentes.*

*Por todo o anterior, propónse que polo Pleno de A Estrada, se adopten os seguintes ACORDOS:*





*Primeiro.- Instar ao goberno do estado a seguir implantando as liñas de acción recollidas no Pacto de Estado e a ir incrementando os fondos necesarios para que as Comunidades Autónomas e por conseguinte os Concellos poidamos ter o financiamento necesario para impulsar programas e mecanismos que axuden a fomentar na sociedade un rexeitamento integral da desigualdade máis cruel contra as mulleres, como è a violencia de xénero.*

*Segundo.- Instar a Xunta de Galicia para que, tanto en materia legislativa como de financiamento, avance en mecanismos para a protección xurídica da vítima e a protección social, garantindo a existencia de recursos de protección e inserción social das mulleres que son vítimas de esta violencia*

*Terceiro.- O Pleno do Concello de A Estrada, dun xeito unánime, comprométese a buscar e implantar medidas de información e formación que busquen a concienciación social de adoptar comportamentos que rexeiten aquelas actuacións, do tipo que sexan, e que supoñan actitudes que inciten, supoñan e promovan calquera tipo de violencia ou discriminación da muller no noso concello .”*

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, en sesión celebrada o 30/10/2024.

Deliberado sobre o particular, sométese o asunto a votación, sendo adoptados, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

### **Resolución:**

**Primeiro.-** Instar ao goberno do estado a seguir implantando as liñas de acción recollidas no Pacto de Estado e a ir incrementando os fondos necesarios para que as Comunidades Autónomas e por conseguinte os Concellos poidamos ter o financiamento necesario para impulsar programas e mecanismos que axuden a fomentar na sociedade un rexeitamento integral da desigualdade máis cruel contra as mulleres, como è a violencia de xénero.

**Segundo.-** Instar a Xunta de Galicia para que, tanto en materia legislativa como de financiamento, avance en mecanismos para a protección xurídica da vítima e a protección social, garantindo a existencia de recursos de protección e inserción social das mulleres que son vítimas de esta violencia

**Terceiro.-** O Pleno do Concello de A Estrada, dun xeito unánime, comprométese a buscar e implantar medidas de información e formación que busquen a concienciación social de adoptar comportamentos que rexeiten aquelas actuacións, do tipo que sexan, e que supoñan actitudes que inciten, supoñan e promovan calquera tipo de violencia ou discriminación da muller no noso concello .





**Expediente 8014/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Feitos e fundamentos de dereito:**

Visto o informe da directora da Escola Infantil municipal de 23/10/2024, no que se recolle a motivación de iniciar o expediente de modificación do Regulamento exposta pola Directora da Escola Infantil municipal, nos termos seguintes:

*“1º. Unha vez supervisadas as normas de funcionamento da Escola Infantil Municipal do Concello da Estrada polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social, con data 31/10/2023 recibese un requirimento para que se proceda a corrixir o documento co fin de adaptalo o previsto na normativa de aplicación.*

*2º Corrixidos os apartados que figuran no davandito requirimento e que non supoñen ningunha modificación substancial do Regulamento de Réxime Interno vixente, PROPONSE que se leven a cabo os trámites oportunos para a aprobación do documento adaptado á normativa de aplicación para o seu posterior visado polo Servizo de Inspección.”*

Visto o informe emitido pola sra. secretaria xeral con data 25/10/2024.

Vista a proposta de resolución PR/2024/2143, asinada con data 25/10/2024 pola concelleira delegada de Benestar Social.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, na sesión celebrada o 30/10/2024.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

**Resolución:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación do REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL nos termos en que figura no expediente, coa redacción que a continuación se recolle:

*“ÍNDICE*

*Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación, Funcións e capacidade do Centro*

*Capítulo II. Procedemento de ingreso. Renovación de praza.*

*Solicitud de novo ingreso e Requisitos de admisión*





*Capítulo III. Obxectivos da escola*

*Capítulo IV. Horario e períodos de apertura e peche da Escola Infantil Municipal*

*Capítulo V. Horarios de permanencia dos/as nenos/as. Entradas e saídas*

*Capítulo VI. Referente ás familias*

*Capítulo VII. Servizos que se ofertan. Normas de saúde, hixiene vestiario e nutrición*

*Capítulo VIII. Promoción da integración e da igualdade entre nenos e nenas*

*Capítulo IX. A lingua*

*Capítulo X. Persoal*

*Capítulo XI. Financiamento e prezos públicos. Fomento da gratuidade da atención educativa por parte da Xunta de Galicia. Criterios de subvención*

*Capítulo XII. Medidas de seguridade e hixiene a ter en conta tanto a nivel de instalacións como por parte do persoal do centro*

*Capítulo XIII. Libro de Reclamacións*

*Capítulo XIV. Sistema de revisión das Normas de Funcionamento*

*Capítulo XV. Normativa de Aplicación*

## CAPÍTULO I.

### OBXECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN , FUNCIONS E CAPACIDADE DO CENTRO

#### *Artigo 1.º Obxecto*

*Estas Normas de Funcionamento, (Regulamento de Réxime Interior) teñen por obxecto establecer a organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal (EIM) do Concello da Estrada.*

#### *Artigo 2.º Ámbito de aplicación*

*Constitúe o ámbito de aplicación destas normas a esta escola infantil de atención á primeira infancia que se configura como equipamento diurno dirixido á poboación infantil de 0 a 3 anos.*

#### *Artigo 3.º Función*

*Os centros de atención á primeira infancia, escolas infantís 0-3, cumpren unha función eminentemente educativa, proporcionando ás persoas usuarias unha atención integral sen distinción de raza, sexo, condición social ou económica, a través dun programa*





*global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos e nenas. A escola infantil cooperará estreitamente cos proxenitores e coas persoas titoras co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.*

#### *Artigo 4.º Capacidade do centro*

*A escola conta con 7 unidades e 102 prazas distribuídas en:*

- 2 unidades 0-1 anos.....8+8-----16 prazas*
- 2 unidades 1-2 anos.....13+13-----26 prazas*
- 3 unidades 2-3 anos.....20+20+20-----60 prazas*

*No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os/as nenos/as poderán ser agrupados/as conforme á seguinte proporción.*

- Grupos formados por nenos/as de ata 2 anos de idade: 1/10*
- Grupos formados por nenos/as de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15*

## **CAPÍTULO II**

### **PROCEDEMENTO DE INGRESO. RENOVACIÓN DE PRAZA, SOLICITUDE DE NOVO INGRESO E REQUISITOS DE ADMISIÓN**

#### *Artigo 5.º Procedemento de ingreso.*

*Poderán solicitar/renovar praza na escola infantil os/as nenos/as con idades comprendidas entre 0 e 3 anos. O ingreso na escola so se poderá realizar unha vez cumpridos os tres meses.*

*No momento do seu ingreso, abriráselles un expediente persoal individual no que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfonos de contacto, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.*

#### *Artigo 6.º Renovación de praza*

*Levarase a cabo durante a segunda quincena do mes de marzo*

*Os pais/nais, titores/as ou representantes legais dos nenos e nenas matriculadas e con praza nesta Escola, presentarán no prazo establecido o documento de reserva de praza debidamente cumprimentado e asinado.*

*O alumnado que xa fose admitido nesta Escola terán garantido o acceso aos novos cursos do mesmo ciclo, sen necesidade dun proceso de admisión, debendo acreditar, en todo caso, o mantemento das condicións económicas e familiares que deron lugar a dita*





*admisión e descontos correspondentes.*

*Os pais/nais, titores/as ou representantes legais das persoas usuarias deben coñecer, antes de formalizar a súa renovación de praza, as Normas de Funcionamento. A dirección da escola facilitaralle, a través dos medios acordados, as citadas Normas visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.*

*A non asistencia a esta escola durante un período de 15 días sen xustificar, dará lugar á baixa do/a alumno/a.*

*O sistema para dar de baixa definitiva na escola a un/unha alumno/a realizarase sempre por escrito.*

*Artigo 7º. Solicitud de novo ingreso. Prazo de presentación de solicitudes.*

*Documentación complementaria. Emenda de defectos.*

*O documento de solicitude de novo ingreso será facilitado na propia escola, que unha vez cumprimentado será presentado na EIM xunto coa documentación complementaria esixida.*

*Estas solicitudes serán rexistradas, facilitándolles ás familias un xustificante que acredite a súa presentación.*

*Se a solicitude achegada xunto coa documentación esixida, fose incorrecta ou insuficiente, requirirase ás persoas solicitantes a súa emenda. Quen así non o fixese no prazo de 10 días naturais a partir da data de finalización de presentación de solicitudes, teráselle por desistida a súa petición.*

*O prazo de solicitude de novo ingreso levarase a cabo durante a primeira quincena do mes de abril, prorrogable no caso de que non se cubrisen as prazas.*

*Documentos esixidos (orixinais ou copias cotexadas):*

*1. Documentación xustificativa da situación familiar:*

- Libro de Familia ou documento acreditativo do nacemento da nena ou neno.*
- Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte dos/as pais/nais ou titores/as.*
- Volante de empadramento colectivo expedido polo Concello.*

*2. Documentación xustificativa da situación económica:*

- Copia e orixinal da última declaración da renda, de todos os membros da unidade familiar ou, no seu defecto, certificado emitido pola Delegación de Facenda que avale a súa non presentación.*
- Os profesionais autónomos acreditarán tamén os pagamentos fraccionados do ano correspondente.*
- No caso de nulidade matrimonial, separación ou divorcio considérase a renda de*







*quen exerza a patria protestade.*

### *3. Documentación xustificativa da situación laboral ou de cursar estudos oficiais:*

- Última nómina ou calquera outro xustificante que acredite a situación laboral no momento da solicitude con especificación da xornada laboral.*
- No caso de cursar estudos oficiais, certificación que así o acredite.*
- Tarxeta de desempregado.*
- Outros documentos acreditativos de todas aquelas circunstancias que poidan ser tidas en conta á hora de levar a cabo o proceso de baremación.*

### *Artigo 8º. Requisitos para a admisión de alumnos/as nesta escola e idade de ingreso*

*Que o/a neno/a xa nacesse no momento da presentación da solicitude. Idade mínima de tres meses na data de ingreso*

*Non ter cumpridos os tres anos de idade a 31 de decembro do ano da presentación da solicitude.*

*Con carácter xeral daráselles preferencia ás solicitudes pertencentes a unidades familiares con empadramento no Concello da Estrada, así como ás relativas a xornada completa con servizo de comedor. Só no caso de non cobertura do total das prazas a xornada completa, poderanse adxudicar prazas ás solicitudes relativas a media xornada.*

*De quedar prazas vacantes, poderán ser cubertas por solicitantes que non estando empadroados no concello da Estrada, acrediten documentalmente que polo menos un dos proxenitores/titores traballe neste concello.*

### *Artigo 9.º Criterios de prioridade para adxudicación das prazas*

#### *1. Procedemento ordinario*

*Os/as fillos/as do persoal que preste servizo neste centro*

*Os/as solicitantes con irmán/á con praza (renovada ou de novo ingreso) no centro para o que solicitan a praza.*

*Menores con medidas administrativas de tutela ou garda en situación de acollemento familiar.*

*As prazas que queden vacantes adxudicaráselles ás persoas solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo vixente. O dito baremo será o establecido na Resolución anual da Consellería de Política Social pola que se convoca o procedemento de adxudicación de prazas na escolas infantís 0-3 anos dependentes da axencia galega de servizos sociais. A puntuación obtida determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas.*





## 2. Procedemento extraordinario

### 1. Ingresos urxentes

*Para os ingresos de máxima urxencia reservarse un 3% das prazas do centro)*

*Terán a consideración de ingresos urxentes os seguintes casos:*

- *Os/as menores tutelados pola Consellería de Política Social e Xuventude.*
- *Os/as fillos/as das mulleres que se atopen nunha casa de acollida e/ou sexan vítimas de violencia de xénero.*
- *Cando concorran circunstancias socioeconómicas e familiares que requiran unha intervención inmediata.*

### 2. Solicitudes fóra de prazo.

*Con carácter excepcional poderanse presentar solicitudes fóra do prazo establecido, nos seguintes casos:*

- *Nacemento, acollemento ou adopción do/a neno/a con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes.*
- *Cambio de concello de residencia da unidade familiar*
- *O proceso de selección axustarase ao anteriormente mencionado*

### Artigo 10.º Relación provisional de admitidos. Reclamacións

*A Comisión de baremación será competente para efectuar a proposta inicial de cualificación e fará pública a relación provisional de admitidos e lista de agarda coa puntuación obtida, correspondendo a resolución á Alcaldía.*

*Esta listaxe provisional exporase na propia Escola e na páxina Web do Concello da Estrada. [www.aestrada.gal](http://www.aestrada.gal).*

*Os/as solicitantes que non estean de acordo coa puntuación obtida, poderán presentar a reclamación que estimen oportuna nas oficinas da EIM.*

*O prazo de reclamacións será de 10 días naturais, contados a partir da data de publicación da relación provisional.*

### Artigo 11.º Relación definitiva de admitidos/as e lista de agarda

*Resoltas as reclamacións presentadas, elevarase á alcaldía a proposta coa listaxe de admitidos/as e a lista de agarda por orde de puntuación. Unha vez aprobada a dita proposta polo señor alcalde farase pública a lista definitiva tanto na propia escola como na páxina Web do Concello da Estrada.*

### Artigo 12.º Matriculación de alumnado e documentación a presentar





*Sen prexuízo dos recursos que procedan, en todo caso a formalización da matrícula levarase a cabo entre o 1 e 15 de xuño na Escola Infantil Municipal, onde se lles facilitará un impreso para tal fin. De non levarse a cabo este trámite no prazo establecido, decaerá o dereito á praza obtida.*

#### *1. Documentación a presentar:*

- De ser o caso, informe médico do neno/a no que se reflectan as alerxias, intolerancias ou calquera outra información que o persoal do centro deba coñecer.*
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social ou documento equivalente*
- Fotografías tamaño carné*
- Cartilla de vacinación actualizada segundo o calendario de vacinación infantil do Programa Galego de Vacinación ou calquera outra documentación do SERGAS que así o acredite.*
- Outros documentos que se facilitarán na EIM e que deberán ser cumprimentados e asinados polas familias:*
- Autorización das persoas que poden recoller o/a neno/a*
- Autorización xeral para tratamento de audiovisuais e protección de datos*
- Autorización para formar parte do grupo de difusión para o envío de notas informativas ás familias.*
- Sentenza de demanda de divorcio ou Documento que acredite quen ten a custodia do neno/a, réxime de visitas, horarios para recollida, ..*
- Todos aqueles outros datos/documentos que se estime oportuno solicitar.*

#### *Artigo 13.º Adxudicación de vacantes durante o curso escolar*

*As prazas que, sen causa xustificada, non se atopen cubertas aos 15 días de iniciado o curso escolar, consideraranse como vacantes.*

*No suposto de que se produzan vacantes e se atope esgotada a listaxe de agarda, poderá solicitar praza calquera interesado.*

#### *Artigo 14.º Causas de Baixa*

*Causarase baixa na EIM por algunha das circunstancias seguintes:*

- Por cumprimento da idade máxima regulamentaria para a permanencia na Escola de Educación Infantil.*
- Por solicitude dos pais ou representantes legais*
- Pola falta de pagamento da cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar ao que se refira a débeda.*
- Por comprobación de falsidade dos documentos ou datos achegados*
- Por incompatibilidade e inadaptación absoluta para permanecer no centro.*
- Por falta de asistencia continuada durante 15 días sen causa xustificada*
- Por incumprimento reiterado destas normas de obrigado cumprimento*





*As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, serán cubertas polos solicitantes que figuren na listaxe de agarda.*

### CAPÍTULO III

#### OBXETIVOS DA ESCOLA

##### Artigo 15.º Obxectivos específicos

- *Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do neno/a. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas. Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.*
- *Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio desenvolvendo as súas capacidades emocionais e afectivas.*
- *Respectar a singularidade e diversidade de cada neno/a*
- *Posibilitar a integración progresiva dos nenos/as na cultura do seu medio*
- *Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social*
- *Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.*
- *Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo uso axeitado destes.*
- *Facilitar a integración dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo.*
- *Fomentar o uso responsable das tecnoloxías dixitais*
- *Promover hábitos saudables e sustentables a partir das rutinas*
- *Promover modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas de resolución pacífica e dialogada dos conflitos.*
- *Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que promoven a igualdade de xénero.*

*Estes obxectivos serán desenvolvidos no Proxecto Educativo e na correspondente Proposta Pedagóxica da escola.*

### CAPÍTULO IV

#### HORARIO E PERÍODOS DE APERTURA E PECHE DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL





## Artigo 16º. Horario de apertura e peche

- Actualmente esta escola permanece aberta 13 horas diarias en horario ininterrompido dende as 7.30 ás 20.30 horas.
- No caso que que non exista demanda suficiente, alomenos un 15 % da súa capacidade total, poderase reducir o horario de funcionamento respectando sempre un mínimo de 8 horas diarias en xornada partida ou continuada, cinco días á semana de luns a venres e doce meses ao ano no caso de que proceda.

O curso escolar abrangue dende o mes de setembro ao mes de xullo, ambos incluídos e dará comezo o 5 de setembro.

Antes desta data, na hora e día previamente establecidos, levarase a cabo tanto a recollida do material solicitado ás familias como as entrevistas persoais cos pais/nais ou titores/as legais.

- Este centro poderá pechar:
- O mes de agosto, motivado pola escasa demanda e co fin de levar a a cabo as tarefas de mantemento, reparacións e limpeza xeral.
- 24 e 31 de decembro tal e como se establece no Convenio Colectivo do Concello da Estrada no Capítulo II Artigo 2º. (DOG Núm. 70 do mércores 10 de abril de 1996).
- Martes de entroido, data na que se celebra na Estrada o Entroido tradicional “Encontros e Vivas dos Xenerais do Ulla”. O comercio local permanece pechado.
- As persoas usuarias serán informados/as ao respecto no momento en que leven a cabo o trámite tanto de reserva de praza como de matriculación.
- Faráselle entrega das Normas de Funcionamento visadas polo servizo de inspección e atoparanse a súa disposición no taboleiro do centro e na páxina web do concello: [www.aestrada.gal](http://www.aestrada.gal).
- No mes de xullo todas as familias serán convocadas a unha reunión informativa, na que se tomará entre outros acordos, o de peche no mes de agosto (se procede). De haber calquera discrepancia ao respecto, por parte de polo menos un 15 % das persoas usuarias totais, a escola poderá abrir só a primeira quincena do mes de agosto, sempre e cando se xustifique documentalmente con base a motivos laborais ou de saúde a necesidade de facer uso do servizo. Neste caso o horario de apertura sería das 7.30 h ás 15.30 h.
- Días de peche en horario de tarde. A escola permanecerá aberta dende as 7.30 h ás 15.30 h.
- Días 5 de xaneiro, Cabalgata de Reis
- Luns de entroido co fin de poder participar os/as nenos/as no desfile de comparsas que organiza o Departamento de Cultura do Concello da Estrada.





*Non obstante, a escola poderá determinar o seu calendario e horarios de apertura e peche ao público en función da demanda existente e da necesaria conciliación da vida persoal, familiar e laboral.*

*De producirse algún cambio ao respecto, será comunicado ao Servizo de Inspección.*

*As causas dos peches estarán acreditadas mediante documento asinados polo/as representante legal ou o técnico/a competente.*

*O horario de apertura e peche figurará no taboleiro de anuncios e no RUEPSS.*

## CAPÍTULO V

### HORARIOS DE PERMANECIA DOS/AS NENOS/AS. ENTRADAS E SAÍDAS

#### *Artigo 17.º Horario de permanencia no centro*

*O horario máximo de permanencia dos/as nenos/as no centro será, con carácter xeral, de oito horas diarias, agás causas excepcionais debidamente xustificadas nas que poderá ampliar o devandito horario.*

#### *Artigo 18.º Horarios de entradas e saídas*

*O horario de entrada-saída dos/as nenos/as nesta escola, será o solicitado polas familias e coa debida xustificación no caso de ser preciso, sempre que non leve consigo alteración algunha nas actividades dos demais usuarios e no normal funcionamento do centro. Non obstante, unha vez acordados co centro os horarios de entrada e saída dos nenos/as, as familias terán que respectalos. En caso de cambios inxustificados e reiterados, a dirección do centro está obrigada a adoptar as medidas oportunas.*

*As familias e/ou representantes legais recollerán os nenos e nenas ao remate da súa xornada. Nos casos nos que estes autoricen a recollida do menor a calquera outra persoa, esta terá que ser identificada polo persoal do centro.*

#### *Saídas didácticas*

*No caso de que a escola programe algunha saída educativa, será comunicado por escrito e con antelación suficiente a todos os pais e nais, titores/as ou representantes legais co fin de que autoricen por escrito a dita saída. No caso de non autorizala o neno/a poderá igualmente acudir á escola, sempre e cando a actividade programada non afecte ao total dos grupos da súa idade. No caso de que sexa unha saída conxunta, non poderán asistir á escola nesa data, xa que a escola permanecerá pechada.*

## CAPÍTULO VI

### REFERENTE ÁS FAMILIAS





*Artigo 19.º Dereitos e obrigas dos/as pais/nais, titores/as e representantes legais.*

*Dereitos:*

- *Ser informados/as, regularmente, da situación do neno/a na escola: desenvolvemento evolutivo, actitude, progresos, ...*
- *Solicitar ampliación da dita información en titorías e reunións co/a educador/a e director/a.*
- *Realizar unha visita ás instalacións e entrevistas persoais antes do comezo do curso.*
- *Coñecer as normas de funcionamento visadas polo servizo de inspección, o Proxecto Educativo e a Proposta Pedagóxica.*
- *Ser informados de todos cantos sucesos ou circunstancias relevantes afecten á marcha ordinaria do funcionamento do centro, e de ser o caso, das medidas adoptadas.*
- *Interpoñer queixas e reclamacións*

*Deberes/obrigas:*

- *Informar en todo momento da situación persoal do neno/a no referente ao seu proceso educativo na familia e na súa contorna: gustos, aversións, cambio na situación familiar etc...*
- *Ser puntuais na hora da entrega e recollida do neno/a*
- *Cumprir os horarios de asistencia solicitados*
- *Ser puntuais no referente á contribución de material solicitado pola escola, á devolución de notas e enquisas enviadas por esta.*
- *Ser puntuais nos pagos e nas notificacións das baixas e cambios de horario.*
- *Colaborar na medida do posible nas actividades da escola, que serán o eixe da relación familia-escola.*
- *Cooperar dende a súa posición de responsables da educación dos/as nenos/as no proceso educativo.*
- *Respectar o Proxecto Educativo do Centro e a súa Proposta Pedagóxica, así como as Normas de Funcionamento visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.*
- *Non levar ás nenas e nenos á escola cando non estean en condicións idóneas (procesos víricos, febre, ou calquera outra circunstancia que impida ou dificulte o benestar tanto do/a menor coma dos seus iguais).*

*Artigo 20.º Participación e relación cos pais e nais, titores/as e representantes legais*

*Dende a Escola fomentárase a participación activa das familia a través de distintas actividades que serán programadas para tal fin. Fomentárase tamén a relación estreita*





entre familia/escola, xa que a educación nesta etapa enténdese como un proceso compartido.

A escola conta cun protocolo de adaptación que será facilitado ás familias. O equipo educativo planificará o período de adaptación, que cada titor/a de aula, xunto coas familias, serán os que determinarán cando remata este período.

Cada titor/a de aula porá en coñecemento dos pais/nais, titores/as ou representantes legais de cada neno/a unha información sobre a súa evolución integral que terá como mínimo carácter trimestral e que se realizará a través de Informes evolutivos das áreas establecidas de acordo a normativa vixente que establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### *Artigo 21.º Instrumentos de información para as familias*

A través da comunicación diaria aproveitando o momento de entrada ou saída das nenas e nenos. Con carácter xeral, as familias serán convocadas a unha reunión, coincidindo co inicio e co remate do curso. En todo caso, as familias poderán solicitar unha titoría cando así o consideren.

#### *Artigo 22.º*

*Representación das familias por tramos de idade: 0-1, 1-2 e 2-3 anos*

*Fins:*

- *Defender os dereitos dos pais/nais, titores/as ou representantes legais no relativo á prestación de servizos aos/as nenos/as.*
- *Colaborar coa dirección e co persoal do centro para favorecer o desenvolvemento integral da poboación atendida en todo canto supoña unha mellora da calidade na prestación do servizo.*

### **CAPÍTULO VII**

#### **SERVIZOS QUE SE OFERTAN, NORMAS DE SAÚDE, HIXIENE VESTIARIO E NUTRICIÓN.**

#### *Artigo 23.º Servizos básicos*

##### *1. Atención educativa*

*Entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.*







*A escola infantil conta cun Proxecto educativo de Centro (PEC) propio que se axusta na súa estrutura ao Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 95/2022 e as ensinanzas mínimas da educación infantil. O dito proxecto está a disposición das familias e autoridades competentes para a súa consulta. A escola infantil atenderá todas as facetas relativas ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais da contorna na que viven os nenos/as. A Escola infantil facilitará o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, e contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.*

## *2. Servizo comedor*

*A escola conta con servizo de comedor propio e co persoal de cociña que se encarga da preparación dos alimentos.*

*Os menús son elaborados e asinados por persoal cualificado, un/unha técnico/a en Dietética e Nutrición ou especialista competente, os cales proporcionan unha dieta equilibrada e axeitada ás idades de todos os usuarios que fan uso deste servizo.*

*Están a disposición das familias e son expostos no taboleiro de anuncios.*

*Os nenos e nenas usuarios/as do servizo de comedor que non vaian a facer uso do dito servizo, deberán de comunicalo con antelación suficiente.*

*No caso de necesitar este servizo días soltos, as familias deberán de comunicalo, polo menos, cun día de antelación.*

*No caso en que o neno/a padeza algunha alerxia ou intolerancia alimentaria, a familia deberá presentar o correspondente informe médico que así o avale.*

## *3. Servizo de Cociña*

*O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia define no seu artigo 26 b) entendendo por tal a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais precisos para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen as propias persoas usuarias.*

*Salvo causa debidamente xustificada, só se dará o almorzo ata as 08.30 h, e deberá ser achegado polas familias.*

*As familias asinarán autorización para proporcionar os alimentos que se achegan cada día á escola co compromiso de levar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas.*

*De proporcionar as familias os alimentos destinados aos nenos de 0-1 anos, terán que vir*





*envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de elaboración, nome e apelidos do neno e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e con indicación de se precisan ou non refrixeración.*

#### *4. Servizo de Horario amplo*

*Enténdese por horario amplo a atención os nenos e nenas por parte do centro polo menos durante 10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitárase que o/a neno/a prolongue a súa estancia no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso quedar xustificadas documentalmente no expediente.*

*Se algunha familia utiliza, por causas xustificadas, un horario ampliado, aboará o importe mensual establecido.*

*A escola oferta un horario de 13 horas diarias ininterrompidas, de 7.30 ás 20.30 h.*

#### *5. Actividades extras e actividades complementarias*

*Todas as actividades complementarias da escola infantil son desenvolvidas transversais ao Currículo educativo.*

*A escola non oferta actividades extraescolares.*

### *Artigo 24º Normas de saúde, hixiene, vestiario e nutrición*

#### *1. Normas de saúde*

- Os nenos/as deberán acudir ao centro en condicións correctas de saúde e hixiene.*
- No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos/as no propio centro, informárase á dirección deste para que sexa posto en coñecemento dos seus pais/nais, representantes legais ou titores/as, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos e nenas. O reingreso no centro só será posible logo de transcorrido o período de contaxio.*
- No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, despois das primeiras atencións in situ e, á maior brevidade posible, poñerase a dita circunstancia en coñecemento dos pais/nais, titores/as ou representantes legais do neno/a e, se é o caso, procurarase que o neno ou nena reciba a atención médica axeitada.*
- Cando se produza a falta de asistencia ao centro por un período superior a tres días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, os pais/nais, titores/as ou representantes legais deberán comunicar este feito á dirección do centro.*
- Nos casos en que se deba administrar algún medicamento aos nenos e nenas (porque supón un risco para saúde), deberán vir acompañadas da correspondente receita médica, actualizada á data do tratamento, na que constará o nome do neno/a, o nome do medicamento, forma, dose e periodicidade na administración.*





*Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito dos proxenitores, titores/as ou representantes legais indicando as horas de administración da dose correspondente.*

- Evitarase, con carácter xeral, a administración de medicamentos no centro. As familias procurarán axustar a administración dos medicamentos nas horas que os nenos/as permanezan nos seus domicilios, sempre que o tratamento o permita.*
- Con carácter xeral atenderase o disposto nas Guías de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia así como aos boletíns epidemiolóxicos nos que se fan actualización das recomendacións para a exclusión de escolas.*

## *2. Normas de hixiene persoal*

*Todos os nenos e nenas asistirán en óptimas condicións hixiénicas.*

## *3. Normas de vestiario*

- A roupa e o calzado debe ser cómodo e evitarase na medida do posible botóns, peches ou tirantes.*
- Débense descartar os modelos tipo buzo.*
- Por motivos de seguridade os/as nenos/as non poderán traer obxectos como pulseiras, medallas, cadeas, ademais de lazos, prendedores do pelo, pinzas, gomas e outros que poidan ser perigosos.*

## *4. Normas de alimentación*

*A escola publicará no taboleiro de anuncios e/ou facilitará ás familias, unha relación semanal, mensual ou por temporadas dos menús previstos, os cales serán elaborados por un/unha profesional con formación acreditada en nutrición humana e dietética que proporcionarán unha dieta sa, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade.*

*A escola prestará un especial coidado en atender os casos nos que o neno ou nena, en razón das súas circunstancias persoais, deba recibir alimentos de forma ou en horarios específicos, sen prexuízo de que estes deban ser facilitados pola familia.*

*En caso de que un neno ou unha presente calquera alerxia ou intolerancia alimenticia, a familia aportará o correspondente informe pediátrico.*

## **CAPÍTULO VIII.**

### **PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN E D IGUALDADE ENTRE NENOS E NENAS**

**Artigo 26.º Integración do alumnado con NEAE.- Necesidades Específicas de Apoio Educativo**





*A escola promoverá, dentro das súas posibilidades, a integración dos nenos/as con necesidades educativas especiais ou outras necesidades educativas por dificultades específicas de aprendizaxe DEA, sempre e cando conten cos recursos materiais e humanos necesarios.*

*Nestes casos requirirase o informe previo dos equipos de Valoración e Orientación sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración.*

*A efectos da orde de gratuidade, considerase que as nenas e nenos con NEAE ocupan dúas prazas. Neste caso, a axuda que resulte multiplicarase por dous.*

#### *Artigo 27.º Fomento da igualdade entre nenos e nenas*

- A escola é o principal axente educativo da infancia e a xuventude. Nela non só se aprenden coñecementos senón que tamén se adquiren actitudes, valores e normas de comportamento.*
- Na escola, a educación non sexista implica a participación non só do profesorado senón tamén da familia e a sociedade en xeral.*
- A escola programará actividades para promover a igualdade entre os nenos e nenas, evitando os comportamentos discriminatorios por razón de sexo. As ditas actividades reflectiranse nos proxectos educativos e curriculares.*
- Estará presente na aula unha oferta de materiais de diferente tipo e coidaranse dun xeito especial os materiais continuos, os inespecíficos e os elementos do medio natural e sociocultural que favorezan a relación coa identidade e creen ambientes significativos.*
- Deberase ter en conta o coidado na selección e emprego dos materiais e dos espazos de cara a evitar desigualdades por razón de xénero e a transmisión de actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto.*
- O achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén das outras, desde unha perspectiva aberta, crítica e ilustradora, que potencia en todo momento actitudes de respecto e aprecio.*

### **CAPÍTULO IX .**

#### **A LINGUA**

#### *Artigo 28.º Importancia do uso das linguas*

*Os documentos oficiais da escola entregaranse en galego ou castelán, a demanda das persoas solicitantes.*

*Farase uso do castelán só se a persoa solicitante non ten coñecemento do idioma galego. Na etapa de educación infantil o persoal educador empregará na aula as dúas linguas cooficiais, fomentando a participación en diferentes situacións de uso das dúas linguas*





*cooficiais, recoñecendo a importancia de ambas. As palabras e o vocabulario propio de cada unha das linguas cooficiais actuarán como nexos de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrece á infancia, simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade.*

*De acordo co previsto no Decreto 150/2022, do 8 de setembro do 2022, as ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Nesta escola faise uso do inglés como terceiro idioma.*

## CAPÍTULO X.

### PERSOAL

*Artigo 29.º Persoal de atención directa. Persoal de apoio, outro persoal e equipo técnico*

*En todo momento esta escola cumpre cas rateos de persoal establecidos na lexislación vixente.*

*O persoal de atención directa a nenos/as será o que, estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo. O persoal de apoio á atención e coidado dos/das nenos/as, o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo.*

*Artigo 30.º Equipo Técnico*

*Configurado como un grupo de traballo a través do cal o persoal de atención directa a nenos/as participa do proxecto integral do centro. Este equipo estará integrado polo/a director/a, que actuará como coordinador/a, e polo persoal de atención directa a nenos/as.*

*Artigo 31.º*

*O centro ofrece servizo de comedor propio e dispón do persoal necesario para o desenvolvemento das funcións propias deste servizo, segundo a súa categoría profesional, que se establece no correspondente convenio colectivo.*

## CAPÍTULO XI.

### FINANCIAMENTO, PREZOS PÚBLICOS E FOMENTO DA GRATUIDADE DE ATENCIÓN





## EDUCATIVA POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA E CRITERIOS DE SUBVENCIÓN

### Artigo 33.º Financiamento e prezos públicos

A prestación do servizo da Escola Infantil Municipal do Concello da Estrada financiase a través dos recursos xerais do Concello da Estrada, subvención da Xunta de Galicia para a gratuidade da atención educativa 0-3 anos e importe aboado par parte das familias que fan uso do servizo de comedor.

Se non se produce a incorporación no mes de setembro, na data do inicio do curso, dun neno/a, agás causas xustificadas, perderá a praza.

A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 5 días sen xustificar dará lugar á baixa do/a alumno/a no programa da gratuidade.

As cotas de servizo de comedor serán aboadas polas familias. A contía será calculada en función do Indicador Público de renda de efectos múltiples (IPREM). Eses prezos serán publicados no taboleiro de anuncios e no apartado correspondente do RUEPSS.

A EIM do Concello da Estrada aplica o réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería e as súas actualizacións.

Os prezos axústanse á normativa vixente, tal e como consta na Ordenanza Municipal.

### Artigo 34.º Criterios de subvención

A Xunta de Galicia fomenta a gratuidade da atención educativa durante un máximo de 11 meses por curso e excluindo o mes de agosto ao considerar que a maioría das escolas infantís 0-3 están pechadas por baixa demanda.

En cada expediente das persoas usuarias figurará o horario de asistencia solicitado polos pais/nais, titores/as e representantes legais.

Entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de oito e un mínimo de tres horas diarias, respectivamente.

### Artigo 35.º Réxime de reserva de praza para o caso de ausencias / vacacións

No caso de vacacións ou ausencias, debidamente xustificadas, o centro reservará a praza do/a alumno/a.

A bonificación refírese ó 100% do prezo correspondente á atención educativa prestada aos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia, excluindo o mes de vacacións do





*neno ou nena.*

*As familias poden escoller libremente o período de desfrute das vacacións, preferentemente nos meses de verán.*

## CAPÍTULO XII.

### MEDIDAS DE SEGURIDADE E HIXIENE A TER EN CONTA TANTO A NIVEL INSTALACIÓNS COMO POR PARTE DO PERSOAL.

#### *Artigo 36.º Medidas de seguridade e hixiene nas instalacións*

*A escola conta coas seguintes medidas de seguridade e hixiene en todas as súas instalacións:*

- 1. Técnico en riscos laborais encargado de implantar as medidas de emerxencia no centro.*
- 2. Medidas anti-incendios.*
- 3. Medidas de protección para evitar golpes e outras lesións nos nenos e nenas, tales como as cantoneiras e os antipillados.*
- 4. Caixa de primeiros auxilios para a asistencia inmediata, encargándose do seu mantemento o persoal responsable do centro.*

#### *Artigo 37.º. Medidas de seguridade e hixiene por parte do persoal*

- 1. Todo o persoal, conta con coñecementos acreditados de prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios.*
- 2. O persoal do centro manterá una actitude activa e vixiante dirixida á prevención de incidentes e ao control e conservación dos espazos, material, ferramentas, obxectos perigosos e instalacións.*
- 3. Todo o persoal que realice funcións de atención e coidado dos/das nenos/as deberá acreditar o seu correcto estado de saúde e con periodicidade anual someterase a un recoñecemento médico. Será igualmente preceptiva a vacinación do persoal contra a rubéola, co especial compromiso das mulleres en idade fértil de adoptar as medidas sanitarias preventivas que correspondan durante os tres meses seguintes á vacinación.*
- 4. Todo o persoal de atención e coidado ten coñecementos básicos en primeiros auxilios.*
- 5. O persoal que manipule alimentos está en posesión do carné de manipulador segundo a normativa vixente.*
- 6. Todo o persoal do centro que teña contacto habitual cos/coas nenos e nenas conta cun Certificado Negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e Trata de Persoas.*





EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

## CAPÍTULO XIII.

### LIBRO DE RECLAMACIONES

#### Artigo 38.º Libro de reclamacións

*A escola infantil dispón dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias. O procedemento para a tramitación está recollido na Orde do 12 de xaneiro de 2021 pola que se regula a presentación e a comunicación das reclamacións en materia de servizos sociais (códigos de procedemento BS105A e BS105B).*

*A Subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais fai un seguimento continuo dos centros e programas a través das oportunas inspeccións co obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos legais esixibles a calidade educativa e asistencial procurando a mellora continua na prestación dos servizos, segundo o establecido nos artigos 75 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 49 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.*

## CAPÍTULO XIV.

### SISTEMA DE REVISIÓN DAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO

*Estas Normas de Funcionamento entrarán en vigor no momento que se incorporen ao RUEPSS polo Servizo de inspección de Familia e Menores*

*Serán expostas publicamente no taboleiro de anuncios do centro e estarán dispoñibles no apartado de autorizacións do RUEPSS.*

*Calquera instrución ditada pola escola non pode ser contraria ás presentes Normas de Funcionamento visadas polo servizo de inspección de Familia e Menores.*

*Uha vez entre en vigor o presente Regulamento quedan derogado o documento que está vixente na actualidade.*

## CAPÍTULO XV.

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.*
- *Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.*
- *Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais.*







- *Lei 17/2011, de 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición*
- *Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.*
- *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
- *Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos de centros que impartan as ensinanzas do primeiro e segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.*
- *Real Decreto 476/2013, de 21 de xuño polo que se regulan as condicións de cualificación e formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil e de Educación Primaria, Art. 2.2.. (BOE núm. 167, de 13 de xullo).*
- *Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.*
- *Decreto 150/2022 de 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das EI e a súa actualización de prezos segundo Resolución de 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís.*
- *DECRETO 148/2014, de 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.*
- *Ordes anuais polas que se regulan as axudas as escolas infantís.*
- *Instrucións ditadas polos órganos competentes da consellería competente en materia de servizos sociais.*
- *Ordenanza fiscal do concello*
- *Calquera disposición, legal ou regulamentaria, que entre en vigor a partir do visado deste regulamento, será directamente aplicable e de obrigado cumprimento en relación coas materias obxecto deste, sen necesidade de proceder á súa previa modificación puntual, agás cando se trate de modificacións substanciais ou de fondo, en cuxo caso, en prexuízo da súa inmediata aplicación, obrigará a unha revisión administrativa do texto coa finalidade da súa adaptación, no improrrogable prazo de tres meses."*

**Segundo.-** Someter dita modificación do REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións que estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase





aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello [ <http://www.aestrada.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

**Terceiro.-** Facultar ao Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

<b>Expediente 7532/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E TURISMO EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE A ESTRADA.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 15, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes: 0

#### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Vista a proposta de iniciar o expediente de modificación da Ordenanza reguladora de Venda Ambulante do Concello de A Estrada, asinada con data 23/07/2024 polo Concelleiro de Promoción Económica, nos termos seguintes:

*"...Vistas as circunstancias que acontecen e por razóns de interese xeral faise necesaria a modificación da Ordenanza Reguladora da Venda Ambulante do Concello da Estrada, polos feitos que se resumen a continuación:*

*Por un lado por motivos legais que derivan da aprobación da nova Lei do Mercado Interior de Galicia (Lei 13/2010). Esta norma produciu cambios en relación a regulación da venda ambulante, de tal xeito que establece un novo réxime de autorización, novos prazos para concesión das mesmas e para a súa transmisibilidade, regula novos requisitos formais (documentación administrativa), entre outras.*

*Sendo así, o Concello realiza unha adaptación da Ordenanza introducindo no seu interior aqueles preceptos, artigos ou contido que actualiza a propia Lei de Mercado Interior de Galicia.*

*Así, o motivo principal desta modificación normativa global deriva da adaptación á normativa de Mercado Interior de Galicia, e aqueles recollidos no Anuncio de Consulta Previa, que deberá publicarse na web municipal e no portal de transparencia, dando a partir dos mesmos cumprimento os principios de boa regulación recollidos no artigo 129 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro..."*

Visto o informe/proposta da Tesourería municipal de 23/07/2024.





Vista a Providencia da Alcaldía de data 23/07/2024.

Visto que, dende o 24 de xullo ao 16 de agosto de 2024 (ambos os dous incluídos), foi sometido a consulta pública previa o nomeado expediente, sen que se presentase ningunha opinión da cidadanía, segundo consta no certificado emitido pola Secretaría xeral con data 07/10/2024.

Vista a dilixencia da Intervención municipal, asinada con data 08/10/2024

Visto o informe emitido o 09/10/2024 pola Secretaría.

Vista a proposta de resolución PR/2024/2083 de 21 de outubro de 2024.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Promoción Económica e Turismo, en sesión celebrada o 30/10/2024.

Debatida a proposta, sométe a votación, sendo adoptado, polos votos a favor dos grupos do PP, BNG e Mixto (MOVETE) e en contra do grupo do PSdeG-PSOE, os seguintes

#### **ACORDOS:**

#### **Resolución:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente modificación da Ordenanza Reguladora da Venda Ambulante do Concello da Estrada nos termos en que figura no expediente, coa redacción que a continuación se recolle:

«

### *CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS*

#### *ART. 1. Obxecto*

*A presente Ordenanza xeral ten por obxecto a regulación administrativa do exercicio da venda ambulante no termo municipal de A Estrada. Quedan fóra do seu ámbito de aplicación, as vendas ambulantes en barracas, atraccións de feira, camións e postos desmontables co motivo da celebración das festas tradicionais, tanto no relativo ao núcleo urbano como aos núcleos periféricos de poboación do Concello de A Estrada e aquelas outras que expresamente se determine por acordo do órgano competente.*

#### *ART. 2. Competencia e réxime xurídico*

*A presente Ordenanza xeral dítase en exercicio das competencias que se atribúen ao municipio pola Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en cumprimento da obriga que atribúe aos concellos o artigo 72 da lei 13/2010 de 17 de decembro, reguladora do comercio interior de Galicia.*

*Será de aplicación a esta materia, ademais do contido neste Ordenanza xeral, a seguinte normativa:*





- *Lei 1/2010 de 1 de marzo de reforma da Lei 7/1996 de 15 de xaneiro de Ordenación do Comercio Retallista.*
- *Lei 13/2010 de 17 de decembro do Comercio Interior de Galicia*
- *RD 1/2007 de 16 de novembro Texto Refundido da Lei 26/84 de 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e normas complementarias.*

### *ART. 3. Concepto e modalidades de venda ambulante*

*Consonte establece a Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia, considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por persoas comerciantes, fóra dun establecemento comercial permanente de xeito habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións tenda. A venda ambulante poderá ser exercida por calquera persoa física ou xurídica que consonte dispón a lexislación vixente, posúa a capacidade xurídica precisa e a condición de comerciante que establece a lexislación mercantil e cumpra cos requisitos establecidos no presente Ordenanza xeral así como a normativa xeral e específica que lle sexa de aplicación.*

*A presente Ordenanza xeral será aplicable ás seguintes modalidades de venda ambulante que se desenvolvan no Concello da Estrada:*

- a) Venda ambulante en mercados periódicos ou ocasionais. É a que se realiza mediante unha agrupación de postos en espazos de uso público, en lugares e espazos previamente determinados, cunha periodicidade habitual establecida.*
- b) Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: Aquela autorizada para un número de produtos, postos, situacións e períodos determinados.*
- c) Venda ambulante en camións ou vehículos-tenda fóra dos mercados periódicos: Aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados da vía pública de xeito habitual ou ocasional.*

*Corresponde á Alcaldía-Presidencia do Concello de A Estrada a decisión sobre a creación de novos mercados periódicos ou ocasionais, mantemento ou traslado dos existentes, modificación do número de postos, así como a determinación do número, emprazamento e características dos postos instalados na vía pública de xeito habitual ou ocasional.*

*A creación de novos espazos para a situar novos mercados farase consonte ao indicado no artigo 72. 1a) da lei 13/2010 de 13 de decembro, asemade, farase unha consulta previa e non vinculante á asociación dos sectores que puideran verse afectados pola situación deses novos mercados, así como ao público en xeral en cumprimento do disposto na lei de transparencia.*

*A venda ambulante á que se refire a presente Ordenanza xeral, só queda autorizada nos*





*lugares datas que se determinen por acordo da Alcaldía-Presidencia, estando suxeita á preceptiva licenza municipal e ás disposicións do presente Ordenanza xeral.*

#### **ART. 4. *Ámbito de aplicación e emprazamento da venda ambulante***

*O ámbito de aplicación desta Ordenanza está constituído polo municipio da Estrada, especialmente o perímetro do seu casco urbano. Dentro do Concello da Estrada a venda ambulante só poderá efectuarse de acordo coas condicións e nos termos que estableza a presente Ordenanza. Con carácter xeral, só se autorizará a venda ambulante no Campo da Feira e entorno da Praza de Abastos.*

#### **Artigo 5. *Os mercados semanais***

*Os mercados semanais que tradicionalmente veñen celebrándose os mércores emprazaranse na contorna da Praza da Feira. No Campo da Feira levarase a cabo os mércores de cada semana. No entorno da Praza de Abastos terá lugar os sábados.*

*Tamén poderán celebrarse estas feiras en Pascua, San Martiño e os días 24 e 31 de decembro.*

*Con carácter excepcional permitiranse emprazamentos de venda ambulante con motivo das festas patronais, festas do Salmón e outras que se determinen.*

*O horario de acceso ao recinto do mercado por parte dos/as vendedores/as será das 8:00 as 9:30 horas, quedando prohibida a entrada fóra do horario indicado e debendo quedar libre e expedito o recinto ás 15:00 horas.*

*O recinto da feira deberá quedar libre de vehículos que transportan as mercadorías dende ás 9:30 ata as 13:30 h*

*A Alcaldía-Presidencia poderá acordar a modificación da situación dos mercados semanais, atendendo a razóns xustificadas de interese xeral, necesidades doutras áreas ou servizos do Concello e/ou optimización da actividade de venda desenvolvida nos mesmos.*

*Os postos non poderán ser colocados de xeito que interrompan o paso dos peóns, o acceso aos locais comerciais ou industriais, e oculten a súa entrada ou os seus escaparates ou exposicións. Así mesmo tampouco poderán situarse diante dos accesos ou fachadas dos edificios públicos.*

*Para a instalación de postos de venda no mercado dos mércores, non se outorgarán polo Concello concesións administrativas, autorizándose ocupación de vía pública.*

*Todos os postos serán desmontables e proporcionados polo propio vendedor. No caso de vehículo ou camión tenda, contabilizarase a todos los efectos o espazo ocupado por todo o turismo.*





## ART. 6. Requisitos para o exercicio da actividade de venda ambulante

O exercicio da venda ambulante estará suxeito á previa obtención de autorización, para cuxa obtención deberá acreditarse o cumprimento dos seguintes requisitos, tendo en conta que a autorización municipal dará dereito soamente a un posto de venda:

- Ser persoa física maior de idade ou persoa xurídica legalmente constituída.
- Estar dado/a de alta, durante toda a vixencia da licenza e/ou autorización, no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente de pago das súas cotizacións.
- Estar dado/a de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente do pagamento da tarifa ou taxa, ou para o caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- As persoas xurídicas deberan acreditar os seguintes extremos: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- Ter contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que puidesen derivarse do exercicio da actividade
- No caso de estranxeiros, deberán cumprir as condicións e requisitos esixidos pola regulación vixente en cada momento. No caso de que proceda dun país non comunitario deberá estar en posesión dos permisos de residencia e de traballo, e se procede dun país comunitario, deberá ter a tarxeta de residencia.
- No caso de venda de artigos alimenticios, estar en posesión do carné sanitario de manipulador de alimentos actualizado.
- Estar en posesión da autorización municipal correspondente e satisfacer as taxas /ou tributos fixados na Ordenanza Fiscal.
- Non ter débedas coa Administración de Facenda, AEAT, ATRIGA, TXSS e Concello da Estrada

## ART. 7. Postos e vehículos de venda ambulante emprazados nos mercados

1. A venda ambulante realizarase en vehículos ou postos facilmente desmontables e con carácter estacional, para a venda de produtos propios de tempada (castañas, froita, churros...), ou ocasional, nos casos que así o acorde e autorice a Alcaldía-Presidencia.

2. As instalacións que se utilicen polo/a titular da autorización, deberán reunir as condicións necesarias para que sirvan de soporte dos artigos que se expenden, debendo reunir as debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público. En ningún caso, estas instalacións sobrepasarán a superficie fixada para o posto autorizado.

3.- Os postos ou vehículos destinados á venda ambulante situaranse nos emprazamentos sinalados ao efecto polo Concello. Non poderán situarse en accesos a edificios de uso





*público, establecementos comerciais, nin diante dos seus escaparates e exposicións, nin en lugares que dificulten tales accesos ou a circulación peonil ou rodada.*

*4.- As instalacións e/ou vehículos dedicados á venda de produtos alimenticios cumprirán os requisitos establecidos polas normas sectoriais que resulten de aplicación, especialmente as de carácter sanitario, e as que esixa o organismo titular da estrada na que se sitúen.*

*5.- O Concello poderá establecer as características, deseño e materiais dos postos de venda co obxecto de adaptalos á contorna da zona na que se sitúen.*

*6.- Prohíbese o emprego de ancoraxes ou elementos que danen o pavimento ou superficie sobre a que se coloquen os postos.*

*7.- Prohíbese a venda ambulante de peixe, marisco, produtos cárnicos e calquera outros para os que legal ou regulamentariamente estea prohibida esta modalidade de venda, tanto no núcleo urbano como nos núcleos rurais periféricos.*

#### **ART. 8. Produtos de venda autorizados**

*1.- Poderá autorizarse a venda de artigos téxtil, de artesanía, bixería, marroquinería, calzado, confección, droguería, artigos de coiro ou pel, de ornato de pequeno volume, froitas, verduras, plantas, produtos de confeitaría, froitos secos, produtos envasados, produtos alimenticios, así como calquera outros produtos nos que a súa venda en réxime de ambulancia estea autorizada pola normativa estatal ou autonómica.*

*2.- Atendendo ás características concorrentes nos diferentes mercados e modalidades de venda ambulante, ao equipamento comercial da zona onde esta actividade se desenvolve, á demanda de consumo da poboación ou calquera outra circunstancia que así o xustifique, o Concello poderá limitar os produtos de venda autorizados ou o número de vendedores/as dedicados/as á mesma especialidade comercial.*

*3.- Consonte establece o artigo 74 da lei 13/2010 de 17 de decembro de comercio interior de Galicia, en ningún caso poderán ser obxecto de venda ambulante ou non sedentaria os bens ou produtos cuxa propia normativa o prohiba, e aqueles outros que, en razón á súa presentación ou outros motivos, non cumpran a normativa técnico-sanitaria e de seguridade.*

*4. En todo caso non se poderán vender alimentos ou produtos alimentarios non envasados por quen careza do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación dos mesmos.*

*5. O concello determinará, dentro dos lugares sinalados, os produtos obxecto de comercialización.*

*6. Os titulares de autorización de venda ambulante non poderán vender produtos diferentes aos expresamente autorizados e fóra da zona concedida. Calquera*





modificación ao respecto requirirá aprobación municipal.

7. Aos efectos desta norma, prohibese a venda de vehículos realizada fóra dun establecemento comercial permanente, na vía pública ou en espazos de uso ou dominio público xeralmente en zonas de grande concorrencia de público. Pola contra, non terá tal consideración a venda de vehículos efectuada a título particular e illadamente por parte dos seus titulares, entendendo por tales, aqueles que figuren con esta condición no permiso de circulación, que pretenda publicitarse na vía pública ou en espazos de uso e dominio público mediante a colocación de anuncios visibles en tales vehículos. Non obstante, na medida que comporta un uso especial do dominio público, estará suxeita á previa autorización municipal, que deberán solicitar os propietarios dos vehículos, acreditando tal condición acompañando copia compulsada do permiso de circulación. Unha vez concedida tal autorización, que terá unha duración de seis meses, esta deberá ser exhibida en lugar visible dentro do propio vehículo. A inexistencia de tal autorización ou da súa exhibición dentro do vehículo permitirá a adopción das medidas cautelares e sancionadoras previstas nesta Ordenanza e especialmente a estipulada no parágrafo 2 artigo 19, do presente Ordenanza xeral.

## CAPÍTULO II EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE

### ART. 9. Autorizacións

1.- O exercicio da venda ambulante, en calquera das súas modalidades, no termo municipal de A Estrada requirirá a previa autorización do Concello.

2.- As autorizacións para o exercicio da venda ambulante concederanse pola Alcaldía-Presidencia do Concello de A Estrada e serán renovadas anualmente. Nestas autorizacións especificarase o produto obxecto de venda, datas e horarios do exercicio da actividade, superficie a ocupar en metros de largo e metros de ancho, lonxitude do mostrador en metros., e espazo mínimo a deixar libre na beirarrúa para o paso de peóns.

3.- O número total de autorizacións será fixado polo Concello en función dos espazos idóneos dispoñibles.

4.- A autorización habilitará para o exercicio da venda ambulante á/ao súa/seu titular. Non obstante e conforme ao que nela se determine, a autorización habilitará, ademais da/do súa/ seu titular, ás persoas vinculadas a el mediante relación laboral.

5.- A autorización municipal é intransmisible excepto no caso de cónxuxe, descendentes ou ascendentes ata o segundo grao, por causa de enfermidade grave, xubilación ou falecemento do/a titular da mesma, logo da comunicación ao Concello e autorización pola Alcaldía-Presidencia. A transmisión dunha autorización non afectará ao seu período de vixencia, que se manterá polo tempo que reste, ata a finalización do prazo de duración.

6.- Asignarase un posto por persoa, sexa física ou xurídica. O número de autorizacións







asignadas ás persoas xurídicas, non poderá exceder do 50% do número total das outorgables para cada zona.

7.- As autorizacións poderán suspenderse temporalmente por mor de obras na vía pública ou nos servizos, tráfico, imposibilidade sobrevida da súa celebración ou outras causas de interese público. Esta suspensión non xerará dereito a indemnización por danos e prexuízos aos/ás titulares dos postos afectados. A suspensión poderá levar a reubicación dos postos noutra zona.

8.- As autorizacións poden ser revogadas de acordo co disposto neste Ordenanza xeral, sen que isto dea dereito aos seus titulares a indemnización ou compensación.

#### ART. 10.- Solicitud de autorizacións

1.- A autorización para o exercicio da actividade deberá ser solicitada polo/a interesado/a ou representante debidamente autorizado, en impreso normalizado no que se fará constar:

a) Nome e apelidos, enderezo para os efectos de notificacións, número do DNI e letra de identificación fiscal e no caso de estranxeiros/as, o núm. do NIE. Estes datos tamén se farán constar cando a solicitude se formule por representante autorizado/a.

b) Modalidade de venda que se pretende exercer e emprazamento solicitado.

c) Mercadorías ou artigos obxecto de venda.

d) No seu caso, tempo polo que se solicita a autorización e dimensións, expresadas en m<sup>2</sup> e metros lineais, do espazo de ocupación que pretende, indicando se a venda se pretende realizar en posto desmontable ou dende un vehículo.

2.- Á solicitude deberá achegarse unha declaración responsable segundo o ANEXO I na que se farán constar necesariamente os seguintes extremos:

a) Que cumpre todos os requisitos para o exercicio da venda ambulante na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Que está en posesión da documentación que así o acredite a partir do inicio da actividade.

c) Que se compromete a manter o seu cumprimento no prazo de vixencia da autorización.

d) Estar dado/a de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e ao corrente no pago da tarifa ou, se é o caso, no censo de obrigados tributarios. A acreditación deste extremo farase, a opción do interesado/a, ben por el mesmo, ben mediante autorización ao Concello para que verifique o seu cumprimento.

e) Acreditación documental de estar dado/a de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pago nas súas cotizacións.





- f) No caso de estranxeiros/as deberá acreditarse o cumprimento das obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorización de residencia e traballo.
- g) Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto de venda.
- h) Estar ao día e non ter débedas coa AEAT, ATRIGA, TXSS e Concello da Estrada.

#### **ART. 11.- Procedemento de adxudicación de autorizacións para os mercados semanais**

1.- As autorizacións concederanse en condicións non discriminatorias e o procedemento deberá garantir a transparencia, imparcialidade e, concretamente, a publicidade axeitada de inicio, desenvolvemento e fin do proceso.

2.- Atendendo ao número limitado de autorizacións dispoñibles debido á escaseza de solo público habilitado ao efecto, a duración das mesmas non poderá ser por tempo indefinido, sendo o seu prazo máximo de duración, cinco anos prorrogables a criterio e por acordo da Alcaldía-Presidencia, de forma expresa, por idénticos períodos.

3.- Non obstante, os/as titulares das autorizacións sinaladas no apartado anterior deberán solicitar anualmente a súa renovación ata completar a duración máxima establecida. O prazo para solicitar a renovación será dende o 15 de novembro ata o 15 de decembro de cada ano. Aqueles/ as titulares que non soliciten a renovación neste prazo, ou se a mesma lle fóra denegada, perderán o seu dereito ao exercicio da actividade, quedando facultado o Concello para proceder á adxudicación mediante o procedemento establecido no parágrafo 5, deste artigo.

4.- A solicitude de renovación farase en impreso normalizado ao que se achegará o xustificante de pago da taxa municipal e a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 6 desta Ordenanza xeral, o interesado deberá acreditar a continuidade da alta no réxime correspondente da SS durante o período de vixencia da autorización que se pretende renovar, mediante o informe de vida laboral.

5.- A convocatoria do procedemento e as bases que rexerán a adxudicación de novas autorizacións, aprobaranse pola Alcaldía-Presidencia do Concello de A Estrada. A adxudicación pola Alcaldía-Presidencia, farase a favor dos seleccionados que cumpran os requisitos, condicionada á presentación do xustificante de pagamento da taxa municipal no prazo improrrogable de 15 días.

#### **ART. 12.- Proceso de adxudicación para a venda ambulante en mercados ocasionais, en postos instalados na vía pública ou camións-tenda**

1.- A concesión e renovación das autorizacións que habiliten para a venda en mercados ocasionais, en postos instalados na vía pública ou camións-tenda, determinaranse na resolución da súa concesión, atendendo ás características específicas dos produtos de venda, ás circunstancias concretas en que se outorguen, etc., sen que en ningún caso





*poidan superar os prazos e condicións establecidos no artigo anterior.*

*2.- As autorizacións poderán solicitarse en calquera momento, se ben sempre cunha antelación mínima de sete días hábiles e máxima de un mes á data da instalación do posto, polas persoas que cumpran os requisitos para o exercicio da venda ambulante, segundo o indicado nos parágrafos precedentes. Na súa solicitude sinalarase a situación que interesa, datas de ocupación, espazo a ocupar, dimensións do posto e produtos obxecto de venda. As autorizacións outorgaranse directamente aos solicitantes, se ben de existir máis solicitudes que espazo a asignar, teranse en conta os seguintes criterios para a adxudicación, valorados conxuntamente:*

- Data de entrada da solicitude*
- Número de postos dedicados á mesma actividade na contorna na que se solicita o espazo.*
- Experiencia demostrable no exercicio da profesión, calidade do produto e dispoñibilidade de instalacións adecuadas ao tipo de venda a realizar.*
- Achega de produtos de nova venda ou inexistente na zona do posto.*
- Non ter incorrido en sanción firme pola infracción da normativa do comercio ambulante De non recibir notificación da resolución expresa, entenderase que a solicitude foi desestimada por silencio negativo, segundo se establece no artigo 24 da lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.*

#### *ART. 13.- Contido da autorización*

*O Concello expedirá aos/ás titulares de autorizacións unha tarxeta identificativa en documento normalizado ou emitirá un acordo de autorización, que serán exhibidos polo/a seu titular durante o exercicio da actividade, de xeito que resulte perfectamente visible. Na identificación constarán, polo menos, os seguintes datos:*

- Identificación e fotografía do/a titular ou persoa suplente vinculada ao mesmo mediante relación laboral.*
- Follas ou documentos para a formalización de posibles reclamacións.*
- Prazo de vixencia.*
- Dimensións do posto.*
- Produtos autorizados para a venda*

*A tarxeta será visada anualmente polo Concello ca renovación da autorización.*

#### *ART.14.- Extinción das autorizacións*

*1.- Sen prexuízo do disposto noutros preceptos desta Ordenanza, as autorizacións*





*extinguense por:*

- a) Transcurso do prazo polo que se outorgaron.*
- b) No caso das autorizacións renovables, non solicitar a renovación no prazo establecido para o efecto.*
- c) Incumprimento do pago das taxas municipais correspondentes, dentro do prazo establecido ao efecto.*
- d) Renuncia expresa da/o titular da autorización.*
- e) Perda dalgún dos requisitos establecidos no seu outorgamento.*
- f) Non asistir a tres mercados semanais consecutivos ou seis alternos, ao longo do ano, salvo causa xustificada que deberá poñer en coñecemento do/a encargado/a do mercado, quedando ao criterio do órgano que outorgou a autorización. A tal efecto considerase falta ao mercado semanal a non asistencia os dous días de celebración do mesmo ( con carácter xeral, martes e sábado de cada semana).*
- g) Falta de pago das sancións municipais que se impuxesen.*
- h) Falecemento ou quebra do/a titular declarada mediante resolución xudicial firme*
- i) Polas causas de revogación contempladas na presente Ordenanza.*
- j) Por imposición de sanción administrativa moi grave, no seu caso.*
- k) Supresión da modalidade de comercio de que se trate.*
- l) Xubilación ou declaración de incapacidade da/o titular.*

*Salvo nos supostos de extinción polo transcurso do prazo, que operará automaticamente, os expedientes de extinción iniciaranse de oficio ou a instancia de parte, correspondendo a súa resolución á Alcaldía-Presidencia do Concello de A Estrada A instrución do expediente comunicáraselle á/ao interesada/o para que presente as alegacións que considere oportunos no prazo de 15 días.*

### **CAPÍTULO III DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS AUTORIZADAS**

#### **ART. 15.- Dereitos**

- a) Á ocupación dos postos de venda para os que estean autorizados/as.*
- b) Exercer a actividade no horario e condicións establecidos.*
- c) Presentar as reclamación e suxestións que consideren oportunas en defensa dos seus dereitos e intereses.*

#### **ART.16.- Obrigas**





- a) Coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, disciplina de mercado e protección ao consumidor e cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.
- b) Ter exposto en forma facilmente visible e lexible para o público a tarxeta identificativa ou documento acreditativo da autorización municipal
- c) Deixar limpo de residuos, desperdicios ou envoltorios o espazo no que exerce a actividade unha vez desmontado o posto, procedendo a depositalos da maneira que corresponda e no contedor apropiado segundo o tipo de refugallo.
- d) Conservar as facturas e albarás de entrega da mercadoría posta á venda.
- e) Ter un trato respectuoso coa clientela, cos demais vendedores/as, e empregados/as municipais.
- f) Comunicar ao Concello os cambios de domicilio e calquera outro que afecte á documentación presentada para obter a autorización. Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

#### CAPÍTULO IV INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

##### ART.17.- Infraccións. Clasificación

1.- O incumprimento das normas establecidas na presente Ordenanza xeral como das determinadas na normativa reguladora do comercio retalista e da defensa dos consumidores/as e usuarios/as, dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador que se axustará ás determinacións dos artigos 63 e seguintes da Lei 39/2015 e normativa que a desenvolva.

2.- As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

##### 2.1.- Serán faltas leves:

a) A instalación dos postos fora do tramo horario establecido, que vai dende as 8:00 h ata as 9:30 h.

Igualmente a non retirada do posto dentro do horario establecido, que vai dende as 13:30 h ata as 15:00 h.

b) Non expoñer en lugar visible a tarxeta ou documento de autorización municipal.

c) Non comunicar ó Concello os cambios de domicilio da/o titular da autorización.

d) Empregar megáfonos ou altofalantes sen autorización municipal.

e) Calquera outra infracción ao disposto nesta Ordenanza xeral que non estea cualificada como falta grave ou moi grave.

##### 2.2.- Serán faltas graves:





- a) *A alteración da orde pública por discusións.*
- b) *O desacato ou desobediencia ás disposicións, mandatos ou ordes do Concello por medio de calquera dos seus membros, axentes ou funcionarios competentes nesta materia.*
- c) *As modificacións na estrutura das instalacións ou postos sen autorización ou incumprindo as normas ditadas polo Concello ao respecto.*
- d) *As defraudacións na cantidade e calidade dos xéneros vendidos.*
- e) *Non acreditar con factura ou albará xustificativo a correspondente procedencia da mercadoría á venda para a súa posible comprobación e control.*
- f) *A venda de artigos distintos aos autorizados.*
- g) *Non estar en posesión do carné de manipulador de alimentos cando a actividade que desenvolva así o requira.*
- h) *Non instalar o posto no lugar asignado para tal efecto.*
- i) *A reiteración de dúas faltas leves firmes no transcurso de un ano desde a comisión da primeira.*
- j) *A ocupación do dominio público con módulos ou vehículos cando non estea expresamente autorizado.*

### *2.3.- Serán faltas moi graves:*

- a) *O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente (persoa vinculada ao titular por relación laboral)*
- b) *A instalación dos postos sen autorización municipal.*
- c) *A venda de produtos en estado tal que poidan causar dano para a saúde.*
- d) *A venda de produtos que vulneren as leis de propiedade intelectual e industrial.*
- e) *O incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se vendan.*
- f) *A reiteración de dúas faltas graves firmes dentro do ano.*
- g) *Tirar ou deixar no dominio público o lixo ou refugallos da actividade.*
- h) *A falta de ornato e limpeza das instalacións e da súa zona circundante.*
- i) *Non ter perfectamente visibles os prezos dos artigos postos á venda.*

*A aquelas infraccións da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas no R.D. Legislativo 1/2007 de 16 de novembro xeral para a defensa de Consumidores/as e Usuarios e na Lei Galega 2/2012 de 28 de marzo de protección xeral de Consumidores e Usuarios/as, seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no devandito texto legal, así como nas normas que o desenvolven.*





*A aquelas infraccións da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas nos artigos 102 e seguintes da Lei 13/2010 seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no devandito texto legal, así como nas normas que o desenvolven, de acordo coas contías das sancións establecidas no artigo seguinte.*

#### **ART. 18.- Sancións**

*1) As faltas tipificadas nesta Ordenanza xeral sancionaranse coa imposición de multas na contía que se especifica neste artigo sen prexuízo da indemnización exixible polos danos causados ao Concello.*

*2) As faltas leves sancionaranse con apercibimento ou multa entre 30 e 100 euros, as graves con multa desde 101 a 300 euros e/ou suspensión da actividade do posto ata 15 días, as moi graves con multa entre 300 e 900 euros e/ou coa suspensión da venda no posto ata 30 días ou revogación da concesión do posto, ata coa posibilidade de chegar a comisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos. Ademais, no caso de infracción moi grave, poderá impoñerse a sanción de prohibición para o exercicio da actividade en todo o municipio, por período de ata 3 anos. Esta sanción aplicarase acumulando ás contempladas para as infraccións moi graves (Revogación da autorización sen dereito a indemnización e comiso da mercadoría)*

*3) Todo/a vendedor/a sancionado/a economicamente non poderá exercer a venda en tanto non aboe a contía da sanción.*

*4) Correspóndelle ao Sr. Alcalde-Presidente, a imposición de multas e demais sancións.*

#### **ART. 19.- Retirada ou comiso de mercadorías**

*No caso de reiterada pretensión dalgún/ha vendedor/a de exercer a actividade sen a correspondente licenza, poderá serlle retirada a mercadoría sen dereito a indemnización. Esta medida terá carácter cautelar, e garantirá a efectividade do cobro das sancións que correspondan. Igualmente, cando se atopen á venda produtos que vulneren a normativa sobre propiedade industrial ou intelectual, poderá procederse ó comiso das mercadorías, procedendo á formalización da denuncia ante a autoridade competente, e á aseguranza da mercadoría como proba da infracción cometida. Para o caso de que se estea realizando a venda ambulante de vehículos na vía pública ou en espazos de uso ou dominio público á que se refire o artigo 7.7 desta Ordenanza xeral, o Concello a través da Policía Local, de oficio ou a instancia de parte, poderá ordenar a retirada do vehículo e o seu traslado ata o lugar habilitado ao efecto como depósito, tendo dereito a percibir este servizo de retirada, traslado e depósito a correspondente taxa, que deberá ser aboada ou garantido o seu aboamento como requisito previo á devolución do vehículo ao seu/súa titular.*

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**





O prazo de vixencia das autorizacións a que fai referencia o artigo 10, computarase dende a entrada en vigor desta Ordenanza xeral, e serán renovadas anualmente.

### DISPOSICIÓN FINAL

A entrada en vigor desta modificación da Ordenanza xeral producirase ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e non modifica os dereitos e obrigas adquiridas polos usuarios e usuarias con anterioridade, naquilo que non estea especificado nel.

### ANEXO I:

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A VENDA AMBULANTE , RENOVACIÓN AUTORIZACIÓN PARA O ANO .... (ANEXO 1)	
DATOS TITULAR	
Apelidos e nome:	NIF/CIF
Enderezo:	Teléfono
N.º POSTO: METROS POSTO.	
ACTIVIDADE:	Mail:

—AUTORIZO ao concello a realizar notificacións a miña caixa de correos electrónica, mediante comparecencia na Sede electrónica logo de se identificar fidedignamente. En todo caso, serán notificadas por esta vía as persoas obrigadas segundo o art. 14.2 da Lei 39/2015

DATOS AUTORIZADOS PARA A VENDA	
Apelidos e nome:	NIF:
Enderezo	Teléfono:
Apelidos e nome:	NIF:
Enderezo	Teléfono

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

• Coñecer e cumprir as normas que deben axustarse a súa actividade e o seu compromiso de cumprilas (Lei 13/2010 do 17 de decembro do comercio interior de Galicia). En especial:

a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar o corrente da tarifa , no caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.

b) Estar ao día no pago das cotizacións da Seguridade Social.

c) Autorizar ao Concello da Estrada para solicitar ás restantes administracións públicas a información precisa para comprobar a veracidade da información facilitada ou, de ser o caso, acreditar mediante a documentación necesaria a circunstancia de estar dado de alta e ao corrente de pago de impostos de actividade económica ou no censo de obrigados tributarios.







d) *No caso de ser prestador procedente de terceiros países, acreditar que coñece e cumpre coas obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.*

e) *Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto obxecto da venda ambulante.*

f) *Non estar incluído en calquera dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na Lei para o exercicio do comercio, así como a falta de calquera outra actividade lucrativa.*

g) *Non realizar actividades con produtos prohibidos.*

h) *Coñecer as medidas organizativas e protocolos de “boas prácticas” de prevención e minimización de contaxio por axentes víricos tanto dos traballadores como dos consumidores, asumindo a responsabilidade da súa implementación no posto.*

• *Coñecer que a autorización límitase os mércores de cada mes, na situación na Praza da Feira*

• *Coñecer que a autorización límitase os sábados de cada mes, na situación na contorna da Praza do Mercado.*

*O vendedor está obrigado a non sobrepasar a superficie asignada, manter limpo o espazo que ocupe, e recoller os desperdicios e embalaxes nos colectores; será responsabilidade o autorizado deixar a zona de situación do posto no mesmo estado de limpeza no que atopou. O incumprimento do disposto do previsto na Ordenanza Reguladora da Venda Ambulante do Concello da Estrada e demais normativa aplicable suporá a correspondente infracción /sanción tipificada na normativa aplicable o caso concreto.*

*Documentación obligatoria a presentar do titular do posto:*

— *DNI do titular*

— *Certificado de situación de alta no censo de actividades económicas AEAT.*

— *Alta no réxime de traballadores por conta propia ou autónomos.*

— *Poliza contratada en vigor do Seguro de Responsabilidade Civil que cubra os riscos que deriven do exercicio da actividade.*

— *Certificación expedida polo órgano competente, Facenda pública e Tesourería de Seguridade Social, de estar o corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais. E non ter débedas co Concello da Estrada.*

*Documentación de Autorizados no posto (se os hai):*

— *DNI do/s autorizados*

— *Alta no réxime de traballadores por conta propia ou autónomos ou contrato de traballo e alta no Réxime Xeneral da Seguridade Social.*





— *Certificación expedida polo órgano competente, Facenda pública e Tesourería de Seguridade Social, de estar o corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais. E non ter débedas co Concello da Estrada.*

*Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos*

*Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas*  
*Información básica sobre protección de datos Responsable Concello da Estrada*

*Finalidade Tramitar procedementos e actuacións administrativas.*

*Lexitimación Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.*

*Destinatarios Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos.*

*Non hai previsión de transferencias a terceiros países.*

*Dereitos Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional. Información Adicional Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección <https://aestrada.sedelectronica.gal/privacy>*

*Asdo. Titular do Posto.*

*En A Estrada .....*”

**Segundo.-** Someter dita modificación da Ordenanza Reguladora da Venda Ambulante do Concello da Estrada a información pública e audiencia dos interesados, con publicación en o Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións que estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello [ <http://www.aestrada.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

**Terceiro.-** Solicitar directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos vérense afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

[Poderá prescindirse dos trámites de audiencia e información públicas previstos no artigo





133 no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen].

**Cuarto.-** Facultar ao Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

**Expediente 7208/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL XERAL REGULADORA DO RUEIRO FISCAL DO CONCELLO DE A ESTRADA**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Feitos e fundamentos de dereito:**

Vista a proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica de data 18/10/2024 na que expón a necesidade de aprobar a Ordenanza Fiscal reguladora do Rueiro Fiscal Municipal deste Concello co seguinte teor:

*"... Á vista da necesidade que ten esta Entidade de establecer un marco de referencia para o cálculo de diversos tributos, en función da localización xeográfica das rúas do municipio, propónse a creación dunha escala de tarifas que pondere a súa situación física por zonas, que sirva de rueiro fiscal.*

*Os factores que esta Concellería considera necesario ter en conta para a levar a cabo tal categorización son: a valoración catastral, a concentración na zona de actividades económicas, o acceso a servizos públicos, o equipamento urbano, as rúas peatonais, entre outros.*

*Con esta iniciativa preténdese dar solución á distribución máis obxectiva das cargas impositivas do municipio, cumprindo desta maneira co principio de progresividade que propugna o artigo 31.1 CE.*

*Para dar cumprimento a o obxectivo proposto, encargouse unha Memoria de elaboración da cartografía do rueiro da Estrada agrupando as rúas nos seguintes grupos de tarifas por zonas:*

- GRUPO A Especial
- GRUPO A
- GRUPO B
- GRUPO C





*Hai que ter en conta que a seguinte zona non aparece delimitada nesta Memoria pero habería que engadila como*

- *GRUPO D (zona do rural)*

*A elaboración da cartografía do rueiro da Estrada realizase en base a os seguintes datos de partida:*

- *Cartografía de ordenación do PXOM do Concello da Estrada*
- *Cartografía e datos alfanuméricos do CNIG (Centro Nacional de Información Geográfica)*
- *Información alfanumérica y cartografía vectorial de la Dirección General del Catastro.*
- *Fotografías aéreas do PNOA (Plan Nacional de Ortofotografía Aérea) e Google Satellite*

*Para ese efecto, anéxase, a esta proposta a dita Memoria técnica, que servirá de base para a redacción da Ordenanza Fiscal reguladora do Rueiro Fiscal do Concello de A Estrada.*

#### **PROPOÑO**

*É polo que se considera conveniente por esta Concellería que se proceda á tramitación do expediente para a aprobación da mesma..."*

Considerando que incoouse pola Alcaldía o procedemento para a aprobación da Ordenanza fiscal reguladora do rueiro fiscal municipal do Concello de A Estrada, segundo Providencia da Alcaldía de 25/10/2024.

Comprobados os criterios que amparan a aprobación Ordenanza Fiscal reguladora do rueiro fiscal municipal, e elaborado tecnicamente un proxecto de Ordenanza fiscal reguladora do rueiro fiscal municipal do Concello de A Estrada, mediante informe-proposta de resolución da tesoureira municipal de 25/10/2024, por ser tecnicamente viable.

Considerando que emitíuse informe xurídico pola secretaria xeral con data 25/10/2024 en exercicio da función de asesoramento legal preceptivo, comprobándose a legalidade do proxecto proposto de acordo coa normativa que resulta de aplicación.

Vista a dilixencia de conformidade da Intervención municipal, de 25/10/2024.

Vista a proposta de resolución PR/2024/2144, emitida con data 25/10/2024 polo concelleiro delegado de Facenda.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, na sesión celebrada o 30/10/2024.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado polos votos a favor do grupo do PP, en contra dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE), os seguintes **ACORDOS**:





## **Resolución:**

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a ORDENANZA FISCAL XERAL REGULADORA DO RUEIRO FISCAL DO CONCELLO DE A ESTRADA, co seguinte teor:

### *“TÍTULO I.*

#### *INTRODUCCIÓN*

##### *Artigo 1. Obxecto*

*De conformidade co previsto no artigo 106.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, as entidades locais exercerán a potestade regulamentaria a través de ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos propios e de ordenanzas xerais de xestión, inspección e recadación.*

*Sendo o Rueiro fiscal un elemento esencial e determinante á hora de cuantificar diversas figuras do sistema tributario do Concello da Estrada, e considerándose necesaria para unha mellor sistematización das normas reguladoras da súa aplicación, a regulación nunha ordenanza específica que inclúa a correspondente clasificación viaria, establécese a presente ORDENANZA FISCAL XERAL REGULADORA DO RUEIRO FISCAL DO CONCELLO DE A ESTRADA.*

### *TÍTULO II*

#### *DISPOSICIÓN XERAIS*

##### *Artigo 2. Criterios para a determinación das categorías das vías públicas*

*1. De conformidade co previsto no artigo 87.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese catro categorías fiscais de rúas, e outra quinta categoría adicional para incluír á zona rural.*

*As rúas se agruparán nos seguintes grupos de tarifas por zona ou categoría:*

*GRUPO A Especial*

*GRUPO A*

*GRUPO B*

*GRUPO C*

*GRUPO D*

*2. A clasificación fiscal das rúas terá en conta, de maneira xenérica, os seguintes factores:*





a) *Importancia dos servizos municipais relacionados co territorio tales como iluminación pública, mobiliario urbano, transportes, espazos peonís e zonas verdes e esparcemento.*

b) *Concentración espacial das actividades económicas no territorio.*

c) *Referencia Catastral.*

3. *A elaboración da cartografía do rueiro da Estrada que se comprende no Anexo II desta Ordenanza realizase en base a os seguintes datos de partida:*

- *Cartografía de ordenación do PXOM do Concello da Estrada*

- *Cartografía e datos alfanuméricos do CNIG (Centro Nacional de Información Geográfica)*

- *Información alfanumérica y cartografía vectorial de la Dirección General del Catastro.*

- *Fotografías aéreas do PNOA (Plan Nacional de Ortofotografía Aérea) e Google Satellite*

4. *De maneira específica, a clasificación viaria obterase mediante a valoración por zonas de valor segundo os instrumentos establecidos no artigo anterior, especialmente o PXOM, e valor catastral, por unha banda, e da valoración territorial directa conforme á seguinte descrición:*

- *Espazo peonil.*
- *Equipamento urbano, que terá en conta a densidade de iluminación pública e a densidade de mobiliario urbano (bancos, papeleiras, maceteiros e árbores singulares).*
- *Transporte público urbano e de mobilidade.*
- *Actividade económica.*
- *Zonas verdes e de esparcemento.*
- *Iluminación pública.*

*Artigo 3. Procedemento para a asignación de categoría ou zona ás rúas de nova creación*

1. *Corresponderá á Concellería de Promoción Económica a proposta de asignación de categorías ou zonas ás vías, rúas e tramos de nova creación. Esta proposta presentarase á Alcaldía que a elevará, previos os trámites correspondentes ao Pleno da Corporación, e especialmente cos correspondentes á tramitación de ordenanzas fiscais.*

2. *A proposta de asignación das categorías ou zonas deberá realizarse a través da estrita aplicación dos criterios recollidos nos artigos 2.3. e 2.4. Este procedemento será de aplicación aos supostos recollidos nos artigos 4 e 5.2 desta Ordenanza.*

*Artigo 4. Procedemento para o cambio de zona de rúas e tramos públicos*

1. *Nos casos en que se produzan alteracións substanciais de vías, rúas ou tramos que*





*impliquen cambios na categoría dos mesmos, realizaranse reformas parciais da clasificación viaria ou rueiro fiscal. Estas reformas poderán estenderse a zonas ou sectores ou, de forma exclusiva, a vías ou tramos concretos.*

*2. A realización das reformas ou alteracións parciais realizarase co mesmo procedemento que se utilice para a aprobación xeral.*

#### *Artigo 5. Procedemento para o cambio de denominación ou de numeración de vías públicas*

*1. Cando se produzan alteracións do parcelario que leven modificacións na numeración das vías, rúas ou tramos, así como nos supostos de cambio de denominación destes, seguirá aplicándose a mesma categoría.*

*2. Se como consecuencia das alteracións descritas no apartado anterior se poñen de manifesto incongruencias entre a aplicación dos criterios do artigo 2 e o mantemento das categorías preexistentes, acordarase, de forma motivada, a posta en marcha do procedemento descrito no artigo 4.*

#### *Artigo 6. Vixencia e periodicidade de actualización do rueiro fiscal*

*1. A Clasificación viaria manterase vixente en tanto non se derroque total ou parcialmente.*

*2. Os procedementos de asignación de categorías fiscais ás vías, rúas e tramos públicos, realizarase cando se considere procedente en base á evolución do desenvolvemento urbanístico da cidade.*

#### *Artigo 7. Publicidade e réxime de recursos*

*1. As propostas de aprobación ou modificación da Ordenanza fiscal reguladora do rueiro fiscal expoñeranse no taboleiro de anuncios habilitado do Excmo. Concello de A Estrada durante o período de trinta días hábiles, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

*2. Finalizado o período de exposición pública adoptaranse os acordos que procedan, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobándose o acordo con carácter definitivo polo Pleno da Corporación. No caso de que non se presentaron reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo adoptado inicialmente sen necesidade de acordo plenario.*

*3. Os acordos definitivos e o texto da Ordenanza fiscal reguladora do rueiro fiscal ou das*





súas modificacións parciais publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, sendo preceptiva a publicación para a súa entrada en vigor.

4. Contra o acordo definitivo de aprobación da Ordenanza fiscal reguladora do ruero fiscal ou das súas modificacións parciais só caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo na forma e prazos, a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdición.

#### Disposición final

A presente ordenanza, e os seus anexos entrarán en vigor, unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, o día 1 de xaneiro de 2025, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

#### ANEXO I GRUPOS DE TARIFA POR CATEGORIAS OU ZONIFICACIÓN DAS RÚAS DO CONCELLO DE A ESTRADA

TARIFA	TIPO VIAL	NOME
GRUPO A Especial	AVDA	PONTEAREAS
GRUPO A Especial	PRAZA	CONSTITUCION
GRUPO A Especial	PRAZA	FEIRA (DA)
GRUPO A Especial	PRAZA	MARTINEZ ANIDO
GRUPO A Especial	RUA	CALVO SOTELO
GRUPO A Especial	RUA	GRADIN
GRUPO A Especial	RUA	IRMANS JOSE E SEVERINO TRIGO
GRUPO A Especial	RUA	JUSTO MARTINEZ
GRUPO A Especial	RUA	SAN ANTON
GRUPO A Especial	RUA	SERAFIN PAZO
GRUPO A Especial	RUA	ULLA
GRUPO A Especial	RUA	WALDO ALVAREZ INSUA
GRUPO A Especial	TRVA	FEIRA (DA)
GRUPO A Especial	TRVA	IGREXA (DA)
GRUPO A Especial	TRVA	VEA
GRUPO A	AVDA	AMERICA
GRUPO A	AVDA	BENITO VIGO
GRUPO A	AVDA	PONTEAREAS
GRUPO A	AVDA	PONTEVEDRA
GRUPO A	PRAZA	GALICIA
GRUPO A	PRAZA	INMACULADA
GRUPO A	PRAZA	MARTINEZ ANIDO
GRUPO A	RUA	ALFONSO R CASTELAO
GRUPO A	RUA	CALVO SOTELO
GRUPO A	RUA	CAPITAN BERNAL
GRUPO A	RUA	CRUCEIRO







GRUPO A	RUA	DON NICOLAS
GRUPO A	RUA	IRIDA
GRUPO A	RUA	IRMANS VALLADARES
GRUPO A	RUA	JUSTO MARTINEZ
GRUPO A	RUA	PADRON
GRUPO A	RUA	PEREGRINA
GRUPO A	RUA	PEREZ VIONDI
GRUPO A	RUA	SAN ANTON
GRUPO A	RUA	SAN PAIO
GRUPO A	RUA	VEGA DE ARMIJO
GRUPO A	RUA	WALDO ALVAREZ INSUA
GRUPO A	TRVA	BENITO VIGO
GRUPO A	TRVA	IGREXA (DA)
GRUPO A	TRVA	JUSTO MARTINEZ 1
GRUPO A	TRVA	JUSTO MARTINEZ 2
GRUPO B	AVDA	FERNANDO CONDE
GRUPO B	AVDA	LEICURES
GRUPO B	AVDA	MARIN
GRUPO B	AVDA	PONTEVEDRA
GRUPO B	AVDA	SANTIAGO
GRUPO B	AVDA	TORRE (DA)
GRUPO B	AVDA	VENEZUELA
GRUPO B	AVDA	VIGO
GRUPO B	PRAZA	CAMPO DA FEIRA
GRUPO B	RUA	13
GRUPO B	RUA	14
GRUPO B	RUA	24
GRUPO B	RUA	25 DE XULLO
GRUPO B	RUA	35
GRUPO B	RUA	62
GRUPO B	RUA	ALFONSO R CASTELAO
GRUPO B	RUA	ANTON LOSADA DIEGUEZ
GRUPO B	RUA	BAIUCA
GRUPO B	RUA	CERDEDO
GRUPO B	RUA	FERMIN BOUZA BREI
GRUPO B	RUA	FORCAREI
GRUPO B	RUA	GRADIN
GRUPO B	RUA	IRIDA
GRUPO B	RUA	IRMANS VALLADARES
GRUPO B	RUA	MANUEL CABADA VAZQUEZ
GRUPO B	RUA	MANUEL GARCIA BARROS
GRUPO B	RUA	MATADOIRO
GRUPO B	RUA	MUIÑO
GRUPO B	RUA	PEREZ VIONDI
GRUPO B	RUA	ROSALIA DE CASTRO





GRUPO B	RUA	RUELA LEICURES
GRUPO B	RUA	SAN PAIO
GRUPO B	RUA	SERAFIN PAZO
GRUPO B	TRVA	AMERICA 1
GRUPO B	TRVA	AMERICA 2
GRUPO B	TRVA	AMERICA 3
GRUPO B	TRVA	FEIRA (DA)
GRUPO B	TRVA	LEICURES 1
GRUPO B	TRVA	ROSALIA DE CASTRO
GRUPO C	AVDA	FERNANDO CONDE
GRUPO C	CMÑO	CALDESINA (DA)
GRUPO C	CMÑO	Camiño de Boino
GRUPO C	CMÑO	CARBALLEIRA (DA)
GRUPO C	CMÑO	COSTA (DA)
GRUPO C	CMÑO	CRUCEIRO (DO)
GRUPO C	CMÑO	DA CONGOSTRA
GRUPO C	CMÑO	OUZANDE
GRUPO C	CMÑO	PENARADA
GRUPO C	CMÑO	POZOS (DOS)
GRUPO C	CMÑO	RAMOS (DOS)
GRUPO C	CMÑO	REAL
GRUPO C	CMÑO	REGUEIRO (DO)
GRUPO C	CTRA	PRAIA (DA)
GRUPO C	ESTDA	SANTIAGO (A)
GRUPO C	ESTDA	VINSEIRO (A)
GRUPO C	GRUP	SAN PAIO
GRUPO C	RUA	56
GRUPO C	RUA	CAÑOTEIRA
GRUPO C	RUA	CRUCEIRO
GRUPO C	RUA	CULTURA (DA)
GRUPO C	RUA	DECOITA
GRUPO C	RUA	DOCTOR MANUEL DE LA CALLE
GRUPO C	RUA	FIGUEROA DE ABAIXO
GRUPO C	RUA	IRIDA
GRUPO C	RUA	NOVA NO CAMPO DA BAIUCA
GRUPO C	RUA	OCHO
GRUPO C	RUA	SERAFIN PAZO
GRUPO C	RUA	T
GRUPO C	RUA	V
GRUPO C	RUA	VARELA BUXAN
GRUPO C	RUA	W
GRUPO C	RUA	XESTEIRA
GRUPO C	RUA	Z
GRUPO C	TRVA	CAÑOTEIRA
GRUPO C	TRVA	CRUCEIRO





GRUPO C	TRVA	DECOITA
GRUPO C	TRVA	FERNANDO CONDE 1
GRUPO C	TRVA	FERNANDO CONDE 2
GRUPO C	TRVA	FIGUEROA DE ABAIXO 1
GRUPO C	TRVA	FIGUEROA DE ABAIXO 2
GRUPO C	TRVA	LEICURES 2
GRUPO C	TRVA	MARIN 1
GRUPO C	TRVA	MARIN 2
GRUPO C	TRVA	MATADOIRO 1
GRUPO C	TRVA	MATADOIRO 2
GRUPO C	TRVA	MATADOIRO 3
GRUPO C	TRVA	MUIÑO 1
GRUPO C	TRVA	MUIÑO 2
GRUPO C	TRVA	PENARADA
GRUPO C	TRVA	PONTEVEDRA 1
GRUPO C	TRVA	PONTEVEDRA 2
GRUPO C	TRVA	SAN PAIO 1
GRUPO C	TRVA	SAN PAIO 2
GRUPO C	TRVA	VIGO
GRUPO D		ZONA RURAL

## ANEXO II PLANIMETRÍA DA ZONIFICACIÓN EN GRUPOS

- PLANO ÍNDICE. RUEIRO CASCO URBÁN A ESTRADA.
- PLANOS S2-02, S2-03, S2-04, S2-06, S2-07, S2-08, S2-09, S2-11, S2-12, S2-13, S2-14, S2-16 e S2-17
- PLANO ZONA CENTRO. RUEIRO A ESTRADA”

**Segundo.-** Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica desta entidade [<http://aestrada.sedelectronica.gal>].

**Terceiro.-** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto





Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**Cuarto.-** Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

<b>Expediente 7328/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS MUNICIPAIS AFECTADAS POLA NOVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO RUEIRO FISCAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE A ESTRADA.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Feitos e fundamentos de dereito:**

Vista a proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica de 25/10/2024, a cal recolle que, de conformidade co recollido no artigo 87.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécense catro categorías fiscais de rúas, e outra quinta categoría adicional para incluír á zona rural, agrupándose do seguinte xeito:

GRUPO A Especial

GRUPO A

GRUPO B

GRUPO C

GRUPO D

Así mesmo, na nomeada proposta se contempla que, con motivo da aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora do Rueiro Fiscal do Concello de A Estrada, en concreto o ANEXO I GRUPOS DE TARIFA POR CATEGORÍAS OU ZONIFICACIÓN DAS RÚAS DO CONCELLO DE A ESTRADA, as Ordenanzas Fiscais que se detallan se ven afectadas, dado que introduce unha nova categoría ou zona A Especial, debendo cada unha adaptarse ao dito Anexo I:

N.º 11- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS

N.º 12- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL

N.º 13- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE GABIAS, CALICATAS E CALAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, INCLUSIVE ESTRADAS, CAMIÑOS E DEMAIS VÍAS PÚBLICAS LOCAIS, PARA A INSTALACIÓN E REPARACIÓN DE CANOS, CONDUCIÓNS E OUTRAS INSTALACIÓNS, ASÍ COMO CALQUERA REMOCIÓN DE PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA





N.º 14- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

N.º 16- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO VOO DE TODA CLASE DE VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS CON ELEMENTOS CONSTRUTIVOS PECHADOS, TERRAZAS, MIRADOIROS, BALCÓNS, MARQUESIÑAS, TOLDOS, PARAVENTOS E OUTRAS INSTALACIÓNS SEMELLANTES VOLADIZAS SOBRE A VÍA PÚBLICA OU QUE SOBRESAIAN DA LIÑA DA FACHADA

N.º 17- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERÍAS E GALERÍAS PARA AS CONDUCIÓNS DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO INCLUÍDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RAÍS, BÁSCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VÍAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL OU VOEN SOBRE OS MESMO

N.º 18- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA

N.º 19- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA

N.º 20- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, SITOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA.

N.º 22- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR DEPÓSITOS E APARELLOS DISTRIBUIDORES DE COMBUSTIBLE E, EN XERAL, DE CALQUERA ARTIGO OU MERCADORÍA EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL

N.º 23- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE ANUNCIOS OCUPANDO TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL

N.º 28- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE COLUMNAS, CARTEIS E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ANÁLOGAS PARA A EXHIBICIÓNS DE ANUNCIOS

Visto que as taxas por ocupación da vía pública das ditas Ordenanzas Fiscais non se actualizaron nos últimos 10-15 anos ao IPC (Índice de Prezos ao Consumo), xerando cada ano transcorrido déficit no estado de ingresos, afectando á estabilidade orzamentaria deste Concello.

Visto o Informe-proposta de Tesourería municipal de data 25/10/2024 de viabilidade técnica e económica das modificacións propostas.





Considerando que incoouse pola Alcaldía o procedemento para a modificación das Ordenanzas Fiscais vinculadas ao rueiro fiscal municipal, segundo Providencia da Alcaldía de 25/10/2024.

Considerando que emitíuse informe xurídico pola sra. Secretaria con data 25/10/2024, en exercicio da función de asesoramento legal preceptivo comprobándose a viabilidade e legalidade do proxecto proposto de acordo coa normativa que resulta de aplicación, así como coas regras internas, que, no seu caso, teña aprobadas a Entidade nos seus regulamentos orgánicos.

Considerando que emitíuse o 25/10/2024 pola Intervención municipal informe no que se avaliou o cumprimento da normativa aplicable e en particular, os principios de estabilidade orzamentaria e substentabilidade financeira.

Vista a proposta de resolución PR/2024/2145, emitida con data 25/10/2024 polo concelleiro delegado de Facenda.

Visto que o concelleiro delegado de Facenda, observa, antes da celebración da sesión da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, da existencia de erros e omisións na redacción da proposta inicial, procedendo a redactar unha nova proposta que reparte entre todos os concelleiros e concelleiras presentes na sesión da Comisión Informativa, proponendo que o ditame que se acade recolla dita redacción.

Visto o ditame acadado polo Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, na sesión celebrada o 30/10/2024.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta ditaminada a votación, sendo adoptados polos votos a favor do grupo do PP, en contra dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE), os seguintes **ACORDOS**:

### **Resolución:**

**Primeiro.-** Modificar as Ordenanzas Fiscais relacionadas nos antecedentes de feito para adaptalas á Ordenanza Fiscal reguladora do Rueiro fiscal municipal do Concello de A Estrada, suprimindo o Anexo de cada unha delas que contén as diferentes rúas, para adaptalas ao Anexo I do Rueiro fiscal que establece GRUPOS DE TARIFA POR CATEGORÍAS OU ZONIFICACIÓN DAS RÚAS DO CONCELLO DE A ESTRADA, do seguinte xeito:

N.º 11- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS: Suprimir as rúas contidas no Anexo, e engadir o seguinte texto “ *Esta Ordenanza aplicará os grupos de tarifa ou zonificación das rúas do Concello da Estrada, segundo a agrupación de rúas nos seguintes grupos de tarifas por zona ou categoría recollidos no Anexo I da Ordenanza Fiscal reguladora do Rueiro fiscal municipal do Concello de A Estrada*”

N.º 12- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO DE TERREOS





DE USO PÚBLICO MUNICIPAL: Suprimir as rúas contidas no Anexo, e engadir o seguinte texto “ *Esta Ordenanza aplicará os grupos de tarifa ou zonificación das rúas do Concello da Estrada, segundo a agrupación de rúas nos seguintes grupos de tarifas por zona ou categoría recollidos no Anexo I da Ordenanza Fiscal reguladora do Ruego fiscal municipal do Concello de A Estrada*”

N.º 13- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE GABIAS, CALICATAS E CALAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, INCLUSIVE ESTRADAS, CAMIÑOS E DEMAIS VÍAS PÚBLICAS LOCAIS, PARA A INSTALACIÓN E REPARACIÓN DE CANOS, CONDUCIÓNS E OUTRAS INSTALACIÓNS, ASÍ COMO CALQUERA REMOCIÓNS DE PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA: Suprimir as rúas contidas no Anexo, e engadir o seguinte texto “ *Esta Ordenanza aplicará os grupos de tarifa ou zonificación das rúas do Concello da Estrada, segundo a agrupación de rúas nos seguintes grupos de tarifas por zona ou categoría recollidos no Anexo I da Ordenanza Fiscal reguladora do Ruego fiscal municipal do Concello de A Estrada*”

N.º 14- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS: Suprimir as rúas contidas no Anexo, e engadir o seguinte texto “ *Esta Ordenanza aplicará os grupos de tarifa ou zonificación das rúas do Concello da Estrada, segundo a agrupación de rúas nos seguintes grupos de tarifas por zona ou categoría recollidos no Anexo I da Ordenanza Fiscal reguladora do Ruego fiscal municipal do Concello de A Estrada*”

N.º 16- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO VOO DE TODA CLASE DE VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS CON ELEMENTOS CONSTRUTIVOS PECHADOS, TERRAZAS, MIRADORES, BALCÓNS, MARQUESIÑAS, TOLDOS, PARAVENTOS E OUTRAS INSTALACIÓNS SEMELLANTES VOLADIZAS SOBRE A VÍA PÚBLICA OU QUE SOBRESAIAN DA LIÑA DA FACHADA: Suprimir as rúas contidas no Anexo, e engadir o seguinte texto “ *Esta Ordenanza aplicará os grupos de tarifa ou zonificación das rúas do Concello da Estrada, segundo a agrupación de rúas nos seguintes grupos de tarifas por zona ou categoría recollidos no Anexo I da Ordenanza Fiscal reguladora do Ruego fiscal municipal do Concello de A Estrada*”

N.º 17- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERÍAS E GALERÍAS PARA AS CONDUCIÓNS DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO INCLUÍDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RAÍS, BÁSCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VÍAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL OU VOEN SOBRE OS MESMO: Suprimir as rúas contidas no Anexo, e engadir o seguinte texto “ *Esta Ordenanza aplicará os grupos de tarifa ou zonificación das rúas do Concello da Estrada, segundo a agrupación de rúas nos seguintes grupos de tarifas por zona ou categoría recollidos no Anexo I da Ordenanza Fiscal reguladora do Ruego fiscal municipal do Concello de A*





EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

*Estrada*

N.º 18- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA: Suprimir as rúas contidas no Anexo, e engadir o seguinte texto “ *Esta Ordenanza aplicará os grupos de tarifa ou zonificación das rúas do Concello da Estrada, segundo a agrupación de rúas nos seguintes grupos de tarifas por zona ou categoría recollidos no Anexo I da Ordenanza Fiscal reguladora do Rueiro fiscal municipal do Concello de A Estrada*”

N.º 19- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA: Suprimir as rúas contidas no Anexo, e engadir o seguinte texto “ *Esta Ordenanza aplicará os grupos de tarifa ou zonificación das rúas do Concello da Estrada, segundo a agrupación de rúas nos seguintes grupos de tarifas por zona ou categoría recollidos no Anexo I da Ordenanza Fiscal reguladora do Rueiro fiscal municipal do Concello de A Estrada*”

N.º 20- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASSETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRÁFICA: Suprimir as rúas contidas no Anexo, e engadir o seguinte texto “ *Esta Ordenanza aplicará os grupos de tarifa ou zonificación das rúas do Concello da Estrada, segundo a agrupación de rúas nos seguintes grupos de tarifas por zona ou categoría recollidos no Anexo I da Ordenanza Fiscal reguladora do Rueiro fiscal municipal do Concello de A Estrada*”

N.º 22- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR DEPÓSITOS E APARELLOS DISTRIBUIDORES DE COMBUSTIBLE E, EN XERAL, DE CALQUERA ARTIGO OU MERCADORÍA EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL: Suprimir as rúas contidas no Anexo, e engadir o seguinte texto “ *Esta Ordenanza aplicará os grupos de tarifa ou zonificación das rúas do Concello da Estrada, segundo a agrupación de rúas nos seguintes grupos de tarifas por zona ou categoría recollidos no Anexo I da Ordenanza Fiscal reguladora do Rueiro fiscal municipal do Concello de A Estrada*”

N.º 23- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE ANUNCIOS OCUPANDO TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL: Suprimir as rúas contidas no Anexo, e engadir o seguinte texto “ *Esta Ordenanza aplicará os grupos de tarifa ou zonificación das rúas do Concello da Estrada, segundo a agrupación de rúas nos seguintes grupos de tarifas por zona ou categoría recollidos no Anexo I da Ordenanza Fiscal reguladora do Rueiro fiscal municipal do Concello de A Estrada*”

N.º 28- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE COLUMNAS, CARTEIS E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ANÁLOGAS PARA A EXHIBICIÓ DE ANUNCIOS: Suprimir as rúas contidas no Anexo, e engadir o seguinte texto “ *Esta Ordenanza aplicará os grupos de tarifa ou zonificación das rúas do Concello da Estrada, segundo a*







agrupación de rúas nos seguintes grupos de tarifas por zona ou categoría recollidos no Anexo I da Ordenanza Fiscal reguladora do Rueiro fiscal municipal do Concello de A Estrada”

**Segundo.-** Á vista da análise técnica-económica e en base ao informe-proposta da Tesourería municipal, procede fixar as contías das diferentes taxas da forma seguinte:

**A) N.º 11- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS.** Se modifica o artigo 6º COTA TRIBUTARIA, que queda redactado do seguinte xeito:

1. A cota desta Taxa será a resultante de multiplicar por 0,1 a cota correspondente á liquidación provisional do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, sempre que a liquidación definitiva non exceda da anterior; no caso contrario, terase en conta a dita liquidación definitiva.

Respectaranse en todo caso as seguintes tarifas mínimas:

#### *LICENCIAS OBRA MAIOR*

Teñen esta consideración as obras que afecten á estrutura da obra.

Licenza da ZONA A ESPECIAL 187,72 €

licenza de ZONA A 144,40 €

licenza de ZONA B 91,16 €

licenza de ZONA C 39,50 €

licenza de ZONA D 18,96 €

#### *LICENCIAS OBRA MENOR*

CONCEPTOS euros/lic.

Licenza da ZONA A ESPECIAL 118,51 €

licenza de ZONA A 91,16 €

licenza de ZONA B 62,47 €

licenza de ZONA C 26,62 €

licenza de ZONA D 15,20 €

Cando a actividade urbanística municipal teña por obxecto as licenzas de primeira ocupación ou de cambio de uso de edificios, aplicarase o seguinte cadro de tarifas:

#### SUPOSTO CONTÍA

1º.- Unidades de vivendas exentas, arrimadas e agrupadas, e os seus locais complementarios: 133 euros por cada vivenda ou local.





2º.- Edificios para vivendas colectivas e/ou locais de ata 250 m<sup>2</sup>: 97,19 euros por cada vivenda ou local independente.

3º.- Os restantes edificios: 0,26 por cento sobre o orzamento de execución material que figure no proxecto dos ditos edificios, ou, se fose o caso, do que resulte da inspección realizada polos técnicos municipais, cun mínimo de 184 euros por cada vivenda ou local independente.

## **B) N.º 12- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL**

Renoméase o Anexo no punto segundo, que se denominará Anexo II Tarifas, coa seguinte redacción:

### *CADRO DE TARIFAS:*

TARIFA 1.- Cables, riles, tubarias e outros análogos. Definición: Licencias para a ocupación privativa ou especial do subsolo cos seguintes elementos e segundo a medición do elemento físico tributario que se especifica en cada epígrafe. O período de tempo correspóndese con un semestre.

1. Transformadores: por cada metro cadrado. O valor da ocupación dividirase por 2.
2. Cables de traballo, por metro liñal ou fracción.
3. Cables de alimentación ou conducción de enerxía eléctrica, por metro liñal ou fracción. O valor da ocupación dividirase por 2.
4. Ocupación telefónica: por cada metro liñal de canalización ou fracción. O valor da ocupación dividirase por 2.
5. Cables non especificados noutros epígrafes, por cada metro liñal ou fracción. O valor da ocupación dividirase por 2.
6. Conducións de calquera clase restantes:
  - a) Por ml. e por 0,25 se o ancho non excede de 50 cm.
  - b) Por ml. e por 0,50 se o ancho non excede de 1 m.
  - c) Por ml. e por 0,75 se o ancho excede de 1 m.

TARIFA 1.- A contía correspondente a esta tarifa será o resultado de multiplicar ou dividir, segundo os casos, o valor da ocupación indicado na seguinte relación, segundo a posición por zonas, polos coeficientes ou divisores indicados en cada epígrafe (parámetro 1 se non se indica nada) considerando os metros lineais e como tempo mínimo un semestre.

ZONA A ESPECIAL 12,79 € €/SEMESTRE

ZONA A 9,84 € €/SEMESTRE





ZONA B 6,32 € €/SEMESTRE

ZONA C 2,79 € €/SEMESTRE

ZONA D 0,27 € €/SEMESTRE

TARIFA 2.- Aparellos surtidores de gasolina e análogos. Definición: Ocupación do subsolo da vía pública con depósitos de combustible líquidos ou gases. Período computable: un ano. A contía obterase da seguinte táboa:

ZONA A ESPECIAL 25,75 € €/M2/ANO

ZONA A 19,81 € €/M2/ANO

ZONA B 12,52 € €/M2/ANO

ZONA C 5,72 € €/M2/ANO

ZONA D 0,61 € €/M2/ANO

TARIFA 3.- Outras instalacións non incluídas anteriormente. Definición: Ocupación privativa do dominio público con elementos que poidan ocupar subsolo, por semestre. As contías obteranse da táboa seguinte, considerando como superficie mínima computable un metro cadrado

ZONA A ESPECIAL 13,75 € M2/ SEMESTRE

ZONA A 10,58 € M2/ SEMESTRE

ZONA B 6,69 € M2/ SEMESTRE

ZONA C 3,05 € M2/ SEMESTRE

ZONA D 0,37 € M2/ SEMESTRE

**C) N.º 13- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE GABIAS, CALICATAS E CALAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, INCLUSIVE ESTRADAS, CAMIÑOS E DEMAIS VÍAS PÚBLICAS LOCAIS, PARA A INSTALACIÓN E REPARACIÓN DE CANOS, CONDUCIÓNS E OUTRAS INSTALACIÓNS, ASÍ COMO CALQUERA REMOCIÓN DE PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA**

Renoméase o Anexo no punto segundo, que se denominará Anexo II Tarifas, coa seguinte redacción:

CADRO DE TARIFAS:

A contía desta taxa obterase multiplicando os metros cadrados de superficie de firme afectado polo número de semanas (ou fracción) de duración das obras segundo a zona de que se trate. Considerarase como superficie mínima suxeita 0,50 m<sup>2</sup> e como período mínimo ou fracción unha semana.

ZONAS €/M2/SEMANA





ZONA A ESPECIAL 11,06 €

ZONA A 8,51 €

ZONA B 5,34 €

ZONA C 2,43 €

ZONA D 0,27 €

**D) N.º 14- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS**

Renoméase o Anexo no punto segundo, que se denominará Anexo II Tarifas, coa seguinte redacción:

CADRO DE TARIFAS:

TARIFA 1.- Ocupación da vía pública con mercadoría, maquinaria, vehículos de desfeito, madeiras, materiais de construción, entullos ou similares. Definición: Ocupación privativa ou especial do dominio público cos elementos indicados sexa calquera a súa forma de presentación, incluíndo calquera produto da industria ou comercio que, en principio, non presupón deterioro das calzadas, pavimentos ou beirarrúas, que prevé o seu posible deterioro polo mal uso da ocupación.

A contía correspondente será a indicada na seguinte relación considerando mínimos o metro cadrado ou fracción e un mes ou fracción

ZONA A ESPECIAL M2/MES 4,92 €

ZONA A M2/MES 3,79 €

ZONA B M2/MES 2,31 €

ZONA C M2/MES 1,59 €

ZONA D M2/MES 0,37 €

TARIFA 2.- Ocupación da vía pública con contedores recipientes para entullos ou desperdicios e elementos similares. Definición: Ocupación privativa ou especial do dominio público cos elementos enumerados que no presupón deterioro das calzadas ou beirarrúas, e por iso, non precisan afianzamento monetario de garantía por danos causados.

ZONA A ESPECIAL M2/MES 4,92 €

ZONA A M2/MES 3,79 €

ZONA B M2/MES 2,31 €

ZONA C M2/MES 1,59 €





ZONA D M2/MES 0,37 €

TARIFA 3.- Ocupación con puntais, asnillas, andamios, elementos similares, apoiados sobre o pavimento sen rotura deste. Definición: Ocupación privativa ou especial do dominio público cos elementos indicados, xeralmente apoiados sobre o dominio público mediante elementos puntais, directamente ou con tacos, apoios e outros elementos de suxeición sen rotura de pavimento

Non se presupón posible deterioro dos pavimentos ou beirarrúas ocupados e por iso non se afianzará garantía algunha. As contías obteranse da táboa seguinte polo número de elementos apoiados.

ZONA A ESPECIAL M2/MES 3,01 €

ZONA A M2/MES 2,31 €

ZONA B M2/MES 2,31 €

ZONA C M2/MES 2,31 €

ZONA D M2/MES 0,37 €

TARIFA 4.- Ocupación con puntais, asnillas, andamios, elementos similares, con obras no pavimento para o seu apoio. Definición: Ocupación privativa ou especial do dominio público cos elementos indicados xeralmente apoiados sobre o dominio público mediante elementos puntuais, pero que requiren certas obras de afianzamento de apoios tales como dados de formigón, calas formigonadas, apoios tomados, etc. Existe deterioro dos pavimentos ou beirarrúas ocupados e por iso se afianzará garantía co importe dos prezos incluídos nesta Ordenanza, a razón dun apoio igual a 0,25 m2. As contía obteranse da táboa seguinte multiplicando polo número de elementos apoiados.

ZONA A ESPECIAL M2/MES 3,01 €

ZONA A M2/MES 2,31 €

ZONA B M2/MES 2,31 €

ZONA C M2/MES 2,31 €

ZONA D M2/MES 0,37 €

TARIFA 5.- Ocupación con vallas, caixóns de cerramento similares. Definición: Ocupación privativa ou especial do dominio público cos elementos indicados, sexan ou non para obras. Presuponse o posible deterioro dos pavimentos ou beirarrúas ocupados e por iso deberá afianzarse unha garantía polo importe que fixe o Técnico municipal para cubrir o custo de reposición dos mesmos.

ZONA A ESPECIAL 4,92 €

ZONA A M2/MES 3,79 €

ZONA B M2/MES 2,31 €





ZONA C M2/MES 1,59 €

ZONA D M2/MES 0,37 €

TARIFA 6.- Guindastres. Definición: Ocupación privativa ou especial do dominio público con grúas, por semestre.

1. Guindastres utilizados na construción e apoiadas fóra do dominio público, onde os seus brazos ou plumas ocupen total ou parcialmente no seu percorrido voo da vía pública, polos metros cadrados realmente varridos.

2. Por guindastres apoiadas no dominio público e onde os seus brazos ou plumas sobrevoen voo de carácter público: polos metros cadrados de ocupación directa e os metros cadrados sobrevoados reais sobre o dominio. As contías obteranse da táboa seguinte considerando un metro cadrado ou fracción a superficie mínima computable. No caso do epígrafe 2, sumaranse os diferentes conceptos:

M2 OCUPADOS M2 VOADOS

ZONA A ESPECIAL 27,41 € 5,55 €

ZONA A 21,08 € 4,27 €

ZONA B 13,41 € 2,68 €

ZONA C 6,10 € 1,21 €

ZONA D 0,61 € 0,12 €

**E) N.º 16- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO VOO DE TODA CLASE DE VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS CON ELEMENTOS CONSTRUTIVOS PECHADOS, TERRAZAS, MIRADORES, BALCÓNS, MARQUESIÑAS, TOLDOS, PARAVENTOS E OUTRAS INSTALACIÓNS SEMELLANTES VOLADIZAS SOBRE A VÍA PÚBLICA OU QUE SOBRESAIAN DA LIÑA DA FACHADA.**

Renoméase o Anexo no punto segundo, que se denominará Anexo II Tarifas, coa seguinte redacción:

CADRO DE TARIFAS:

TARIFA 1. Toldos.

Definición: Ocupación privativa do dominio público con toldos, ó ano por cada m<sup>2</sup> . proxectado verticalmente sobre o solo, segundo a seguinte táboa e considerado un metro cadrado ou fracción como superficie mínima computable

ZONA A ESPECIAL m2/ano 3,48 €

ZONA A m2/ano 2,68 €

ZONA B m2/ano 1,34 €





ZONA C m<sup>2</sup>/ano 1,20 €

TARIFA 2.- Outras instalacións non incluídas anteriormente. Definición: Ocupación privativa do dominio público con elementos que poidan ocupar voo, computándose os metros cadrados proxectados verticalmente sobre o solo.

ZONA A ESPECIAL m<sup>2</sup>/semestre 5,53 €

ZONA A m<sup>2</sup>/semestre 4,26 €

ZONA B m<sup>2</sup>/semestre 2,68 €

ZONA C m<sup>2</sup>/semestre 1,20 €

ZONA D m<sup>2</sup>/semestre 0,12 €

**F) N.º 17- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERÍAS E GALERÍAS PARA AS CONDUCIÓNS DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO INCLUÍDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RAÍS, BÁSCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE VÍAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL OU VOEN SOBRE OS MESMO**

Non se pode realizar un incremento do IPC pola complexidade do cálculo, unicamente as zonas que serán as correspondentes ao Rueiro Fiscal municipal.

**G) N.º 18- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA**

Renoméase o Anexo no punto segundo, que se denominará Anexo II Tarifas, coa seguinte redacción: CADRO DE TARIFAS:

1. Ocupación da vía pública con asentos: Ocupación privativa ou especial do dominio público cos elementos indicados, sexa calquera a súa forma, sempre que correspondan a un prazo. A contía será a indicada na seguinte relación, considerando unha unidade o asento dunha praza, equivalente á ocupación de 0,25 m<sup>2</sup> ., e un período non inferior a un mes.

zona A ESPECIAL Ud/MES 2,82 €

ZONA A. Ud/MES 2,17 €

ZONA B. Ud/MES 1,34 €

ZONA C. Ud/MES 0,61 €

ZONA D Ud/MES 0,12 €





2. Ocupación da vía pública con mesas: Ocupación privativa ou especial do dominio público cos elementos enumerados. A contía será a indicada na seguinte táboa, considerando as correspondentes unidades de medida:

a) Unha Ud. de mesa standard ou normal de 4-5 prazas, que se computará como medio metro cadrado de ocupación, calquera que sexa a súa forma.

b) Mesas especiais, grandes, pola súa medida real en m<sup>2</sup> . ou fracción, a razón de dúas unidades por cada metro cadrado. Só se computarán como elementos tributarios mínimos 0,5 m<sup>2</sup> . ou fracción e un mes de ocupación.

ZONA A ESPECIAL Ud/MES 5,69 €

ZONA A Ud/MES 4,38 €

ZONA B Ud/MES 2,81 €

ZONA C Ud/MES 1,20 €

ZONA D Ud/MES 0,12 €

3. Utilización de toldos ou marquesiñas fixados á vía pública: Ocupación privativa ou especial do dominio público mediante elementos puntais directamente ou con tacos, apoios ou outros elementos de suxeición sen rotura de pavimentos.

ZONA A ESPECIAL Ud/MES 1,10 €

ZONA A. Ud/MES 0,85 €

ZONA B Ud/MES 0,61 €

ZONA C Ud/MES 0,27 €

ZONA D Ud/MES 0,02 €

4. Ocupación con separadores: Ocupación privativa ou especial do dominio público cos elementos indicados, sexan de calquera tipo.

ZONA A ESPECIAL Ud/MES 2,22 €

ZONA A Ud/MES 1,71 €

ZONA B Ud/MES 1,09 €

ZONA C Ud/MES 0,48 €

ZONA D Ud/MES 0,05 €

Poderanse efectuar concertos cos contribuíntes cunha redución máxima sobre as tarifas do 30 %.

**H) N.º 19- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA** Renoméase o Anexo no punto segundo, que se denominará Anexo II Tarifas, coa







seguinte redacción:

#### CADRO DE TARIFAS:

1. Venda de bebidas alcohólicas, cafés, refrescos. Por cada m<sup>2</sup> . ocupado e trimestre.

Venda de xornais, revistas, libros, expendedoría de tabacos, lotería, lambetadas, etc. Por cada m<sup>2</sup> . ocupado e trimestre.

Venda de xeados, refrescos e demais artigos propios de tempada e non determinados expresamente noutra Ordenanza fiscal. Por cada m<sup>2</sup> . ocupado e trimestre.

Venda de masas fritadas ou similares. Por m<sup>2</sup> . ocupados e trimestres.

Cupóns de lotería de cegos ou outras similares. Por m<sup>2</sup> e trimestre. Venda de flores. Por m<sup>2</sup> . ocupados e trimestre.

Venda de calquera outro artigo en quioscos e non especificados anteriormente. Por cada m<sup>2</sup> . de ocupación e trimestre.

A contía correspondente será indicada na seguinte relación considerando mínimos o metro cadrado ou a fracción e un mes ou fracción:

ZONA A ESPECIAL 13,45 € M2/MES

ZONA A 10,34 € M2/MES

ZONA B 6,57 € M2/MES

ZONA C 2,92 € M2/MES

ZONA D 0,37 € M2/MES

**I) N.º 20- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASITAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓN OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA.**

Renoméase o Anexo no punto segundo, que se denominará Anexo II Tarifas, manténdose os apartados correspondentes ás definicións das tarifas 1, 2,3 e 4, e unicamente se modifican os cadros das tarifas coas zonas correspondentes ao rúeiro fiscal coa seguinte redacción: REDACCIÓN ANTERIOR:

TARIFA 1.- Relativa a Feiras e Festas

ZONA A: 0,95 m<sup>2</sup>/día

ZONA B: 0,7 m<sup>2</sup>/día

ZONA C: 0,36 m<sup>2</sup>/día

ZONAS N e R: 0,12 m<sup>2</sup>/día





TARIFA 2.- Mercados ou mercadiños dun día. Ocupación permanente

ZONA A: 1,19 m<sup>2</sup>/día metro fronte

ZONA B: 1,19 m<sup>2</sup>/día

ZONA C: 0,56 m<sup>2</sup>/día

ZONAS N e R: 0,06 m<sup>2</sup>/día

TARIFA 3.- Mercados ou mercadiños dun día. Ocupación ocasional

ZONA A: 1,19 m<sup>2</sup>/día metro fronte

ZONA B: 1,19 m<sup>2</sup>/día

ZONA C: 0,56 m<sup>2</sup>/día

ZONAS N e R: 0,06 m<sup>2</sup>/día

TARIFA 4.-

Rodaxes cinematográficas e circos

Rodaxes cinematográficas e circos ... 71,6 día

REDACCIÓN PROPOSTA:

TARIFA 1.- Relativa a Feiras e Festas 1,26 € m<sup>2</sup>/día

ZONA A ESPECIAL 0,97 € m<sup>2</sup>/día

ZONA A 0,72 € m<sup>2</sup>/día

ZONA B 0,37 € m<sup>2</sup>/día

ZONA C 0,12 € m<sup>2</sup>/día

ZONA D

TARIFA 2.- Mercados ou mercadiños de un día. Ocupación permanente

ZONA A ESPECIAL 1,58 € m<sup>2</sup>/día metro fronte

ZONA A 1,22 € m<sup>2</sup>/día metro fronte

ZONA B 1,22 € m<sup>2</sup>/día

ZONA C 0,57 € m<sup>2</sup>/día

ZONA D 0,06 € m<sup>2</sup>/día

TARIFA 3.- Mercados ou mercadiños dun día. Ocupación ocasional

ZONA A ESPECIAL 1,58 € m<sup>2</sup>/día

ZONA A 1,22 € m<sup>2</sup>/día metro fronte

ZONA B 1,22 € m<sup>2</sup>/día





ZONA C 0,57 € m2/día

ZONA D 0,06 € m2/día

TARIFA 4.-

Rodaxes cinematográficas e circos Rodaxes cinematográficas e circos ... 73,25 € dia

**L) Nº 22- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR DEPÓSITOS E APARELLOS DISTRIBUIDORES DE COMBUSTIBLE E, EN XERAL, DE CALQUERA ARTIGO OU MERCADORÍA EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL**

Renoméase o Anexo no punto segundo, que se denominará Anexo II Tarifas, coa seguinte redacción:

TARIFA 1.- Aparellos surtidores de gasolina e análogos. Definición: Ocupación da vía pública ou terreos municipais con estes elementos, polos metros cadrados realmente ocupados. Período computable, un ano.

ZONA A ESPECIAL 51,35 € M2/ano

ZONA A 39,50 € M2/ano

ZONA B 25,04 € M2/ano

ZONA C 11,43 € M2/ano

ZONA D 1,09 € M2/ano

TARIFA 2.- Outras instalacións. Definición: Ocupación privativa do dominio público con aparellos distribuidores de calquera artigo ou mercadoría que ocupen solo. Período computable, un semestre.

ZONA A ESPECIAL 27,33 € M2/ SEMESTRE

ZONA A 21,02 € M2/ SEMESTRE

ZONA B 13,38 € M2/ SEMESTRE

ZONA C 6,09 € M2/ SEMESTRE

ZONA D 0,61 € M2/ SEMESTRE

**M) N.º 23- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE ANUNCIOS OCUPANDO TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL** Renoméase o Anexo no punto segundo, que se denominará Anexo II Tarifas, coa seguinte redacción:

A estrutura e contía desta taxa figuran na táboa seguinte, considerando como tamaño mínimo de computo do anuncio 0,5 m2. ou fracción e como períodos de duración tempos de ata 3 meses ou fracción; de ata 6 meses, e un ano como máximo, segundo zoas: 3 MESES 6 MESES





1 ANO ZONA A ESPECIAL EUROS/ 0,5 M2 0,48 € 0,93 € 1,56 €

ZONA A EUROS/ 0,5 M2 0,37 € 0,72 € 1,20 €

ZONA B 0,37 € 0,48 € 0,72 €

ZONA C 0,12 € 0,27 € 0,37 €

ZONA D 0,12 € 0,12 € 0,12 €

**N)** N.º 28- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE COLUMNAS, CARTEIS E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ANÁLOGAS PARA A EXHIBICIÓ DE ANUNCIOS Renoméase o Anexo no punto segundo, que se denominará Anexo II Tarifas, coa seguinte redacción:

A estrutura e a tarifa desta taxa figura a continuación: Epígrafe 1. Columnas, carteis e similares. Definición: Utilización para anuncios de calquera tipo de elementos indicados e segundo a duración de exposicións dos anuncios. O período de tempo mínimo será de tres meses ou fracción e o máximo dun ano. A superficie computable será de 0,5 m2 . ou fracción.

3 MESES 6 MESES 1 ANO

ZONA A ESPECIAL 1,10 € 1,90 € 3,17 €

ZONA A EUROS/ 0,5 M2 0,85 € 1,46 € 2,43 €

ZONA B 0,48 € 0,97 € 1,58 €

ZONA C 0,27 € 0,37 € 0,72 €

ZONA D 0,12 € 0,12 € 0,12 €

Epígrafe 2. Anuncios en bens ou instalacións municipais. Definición: Anuncios colocados en campos de fútbol, polideportivos, mercados ou calquera outro recinto similar. A contía obterase da táboa seguinte, segundo a superficie do anuncio, considerando módulos de 0,5 m2 . ou fraccións de medio metro, por cada anuncio e duracións de tres meses como mínimo a un ano máximo de tempo. Euros/ 0,5 m<sup>2</sup>

3 MESES: 0,85 €

6 MESES: 1,46 €

1 ANO: 2,43 €

**Terceiro.-** Expoñer ao público o anterior acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.





Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica desta entidade [<http://aestrada.sedelectronica.gal>].

**Cuarto.-** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**Quinto.-** Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

### FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o sr. alcalde advirte da existencia da seguinte moción do BNG presentada por urxencia:

<b>MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á PARALIZACIÓN DO PROXECTO DE PEATONALIZACIÓN DA PRAZA DE GALICIA</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 8, En contra: 12, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Advírtese da existencia dunha moción de urxencia presentada polo grupo municipal do BNG con data 06/11/2024 (registro de entrada 2024-E-RPLN-7), relativa á paralización do proxecto de peatonalización da Praza de Galicia.

Dita moción xustifica a urxencia do seguinte xeito (sic):

*“O proxecto da Praza da Farola ou Praza de Galicia leva sendo polémico dende que se coñeceu. Por un lado, existe polémica pola eliminación ou cambio de localización dun dos elementos máis característicos da vila, a farola. Esta polémica intenta solventarse cun referendo in extremis, para ver ata que punto existe rexeitamento. En cambio, para nós, o problema é maior. Hoxe en día, está proxectado gastar 1.200.000€ nunha peatonalización dunha pequena praza. Obviamente este é un gasto desproporcionado para un Concello con múltiples carencias. É por iso que dende o BNG apostamos por non realizar este gasto tan grande para unha obra actualmente innecesaria, e repensar as actuacións que se poden levar a cabo nesta praza ou noutras localizacións da Estrada, sen realizar o mencionado dispendio. Ademais, tendo en conta que estamos no punto crítico para definir como vai ser finalmente a nova Farola, pensamos que está máis que*





*xustificado tratar esta moción pola vía da urxencia.”*

Debatida a urxencia, é sometida a votación, sendo rexeitada polos votos a favor dos grupos do BNG, PSdeG-PSOE e Mixto (MOVETE), e en contra do grupo do PP.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 16 AO 30 DE SETEMBRO DE 2024 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 30 de setembro de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-1409 ao número 2024-1512 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 1 AO 31 DE OUTUBRO DE 2024 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 31 de outubro de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-1513 ao número 2024-1682 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, interveñen, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguintes persoas asistentes no público:

- Dna. Balbina Martínez Ramallal (DNI: [REDACTED])





EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

- D. José María Vázquez Caramés (DNI: [REDACTED])

- Dña. María Fernanda Barreiro Suárez (DNI: [REDACTED])

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinte e tres horas e quince minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión con enlace que se sinala a continuación, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/2024/11/14/pleno-concello-de-a-estrada-7-de-noviembre-2024/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital "hash":

EE5446A6902DC1587479E72D36195FC5AA0B6C8A843F5A48A3328364E41E5EF6

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

